



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de MARZO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día un de marzo de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(110).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 20 de febreiro e ordinaria do 23 de febreiro de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(111).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “TAPADO LATERAL DA PISTA DEPORTIVA DO CENTRO CULTURAL BECERREIRA”. EXPTE. 1738/441.

Visto o informe de fiscalización do 20/02/2024, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 25/01/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Tapado lateral da pista deportiva do Centro Cultural Becerreira” (1738-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“ PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación dos Servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos.

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orde de inicio do expediente asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 26/07/2023, co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 27/07/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica.

- Memoria económica do contrato de data 03/08/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 09/08/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Memoria xustificativa do contrato de data 20/09/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 21/09/2023, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

Proxectos, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 21/09/2023.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 30.000,00 €, que inclúe un IVE de 5.206,61 €, dende o 15 de decembro de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2024	SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207.227060 3	24.793,39 €	5.206,61 €	30.000,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 15 de xaneiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 11 de xaneiro de 2023 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por PROSEMA NOROESTE, S.L. neste procedemento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Tapado lateral da pista deportiva do Centro Cultural Becerreira" (1738-441) na seguinte orde descendente:

Orden	Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	PROSEMA NOROESTE, S.L.	93,62
2º	ORECO BALGON, S.A.	93,11
3º	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	86,63
4º	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	78,48
5º	SOTEGA NOROESTE, S.L.	72,68
6º	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	61,06

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEMA NOROESTE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

4. *Resguardo da garantía complementaria do 5 % do importe de adxudicación sen IVE, esixible de acordo co disposto na cláusula 24.1 do PCAP”.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.””

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEMA NOROESTE, S.L., o día 16 de xaneiro de 2024, que presenta a documentación requirida o 19 de xaneiro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución da empresa e o nomeamento do apoderado, así como a declaración de non estar incurso en prohibición de contratar, e a clasificación da empresa.
- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (210.840,14 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo C - Subgrupo 4 - Categoría 2) presentan a clasificación Grupo C - Subgrupo 4 - Categoría 4.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (212.597,15 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo C - Subgrupo 4 - Categoría 2) presentan a clasificación Grupo C - Subgrupo 4 - Categoría 4..
- Dous seguros de caución por un importe cada un de 6.379,50 € que cobren tanto a garantía definitiva requirida como a complementaria, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 25 de xaneiro de 2023 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PROSEMA NOROESTE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PROSEMA NOROESTE, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 18 de decembro de 2023 e 8 de xaneiro de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PROSEMA NOROESTE, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Tapado lateral da pista deportiva do Centro Cultural Becerreira” (1738-441) sendo o prezo total do contrato de 154.383,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.793,90 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(112).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN DA SUPERFICIE DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO TERREO DE XOGO DO COMPLEXO DEPORTIVO AS TRAVESAS”. EXPTE.1712/441.

Visto o informe de fiscalización do 20/02/2024, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 16/01/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Renovación da superficie de céspede artificial no terreo de xogo do Complexo Deportivo As Travesas” (1712-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da renovación do céspede do campo de fútbol das Travesas (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de RENOVACIÓN DA SUPERFICIE DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO TERREO DE XOGO DO COMPLEXO DEPORTIVO “AS TRAVESAS” redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás. Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (por delegación de data 25.08.2023, a Técnica de Administración Xeral) con data 14.09.2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS SETENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (379.999,99 €) , sendo o importe correspondente ao IVE de 65.950,41 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3420 632 00 11 (Investimentos mellora inst. deportivas), proxecto de gasto 23342005, segundo a distribución de anualidades proposta.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

2023	379.999,99 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 18 de decembro adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación da superficie de céspede artificial no terreo de xogo do Complexo Deportivo As Travesas" (1712-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	97,47
2	URBAN GLOBAL 2018, S.L	96,50
3	OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A.	86,34
4	SINTRA APLICACIONES Y SERVICIOS DE PINTURA, S.L.	68,42

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 19 de decembro de 2023, que presenta a documentación requirida o día 27 de decembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de xaneiro de 2024 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e proposicións avaliadas mediante de fórmula, de datas 4 e 13 de decembro de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o procedemento aberto para a contratación da renovación do céspede do campo de fútbol das Travesas por un prezo total do contrato de 362.747,99 euros, sendo a cota do IVE de 62.956,26 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

4(113).- ADHESIÓN Ó CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA). EXPTE. 17422/306.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/02/2024, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo de Medio Ambiente e pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

1.- En data do 08.02.2023, a Fegamp remitiu correo electrónico informando de que a Xunta de Galicia e a Fegamp asinaron un novo Convenio para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespas asiática (vespa velutina).

En data do 06.03.2023, remitiuse escrito á Fegamp comunicando que o Concello de Vigo, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 03.03.2023, estaba interesado en acollerse a este plan polo que a Xunta de Galicia asumiría a realización das actuacións necesarias para a eliminación de niños de vespa velutina no termo municipal de Vigo.

2.- En data do 08.02.2024, a Fegamp remitiu correo electrónico informando de que a Xunta de Galicia e a Fegamp, con data 07/02/2024, asinaron un novo Convenio para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespas asiática (vespa velutina), indicando que para adherirse debe remitirse o Anexo III debidamente cuberto e asinado antes do vindeiro 07.03.2024.

Indicaban, tamén, que o convenio asinado está publicado para xeral coñecemento na web da fegamp "www.fegamp.gal" no enderezo:

<https://difusion.fegamp.gal/c/8rvrzj/dhvfqnos1/8rrocif3zhi>

II.- Fundamentos de dereito.

O convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp ten por obxecto establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina) en 2024 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos, figurando o Concello de Vigo incluído dende o ano 2020, e debendo adherirse para o ano 2024, en cumprimento do Anexo III do convenio.

As obrigas da Xunta de Galicia concrépanse en:

“ A administración da comunidade autónoma de Galicia coordinarase cos concellos adheridos nas actuacións de eliminación e retirada de niños de Vespa velutina. Concretamente realizará as seguintes actuacións:

1. Potenciar o portal de internet “eido local” (www.eidolocal.gal) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas entidades locais de Galicia para dar información actualizada sobre as actuacións en materia de Vespa velutina.

2. Ter a disposición dos concellos un sistema de avisos que se canalizarán polas chamadas recibidas polo 012 e informar ás entidades locais da xestión de todos os avisos de niños de Vespa velutina recibidos por esta canle respecto do seu ámbito territorial.

3. Garantir nos concellos a xestión dos avisos de presenza de niños de vespa velutina segundo o Programa de vixilancia e control fronte a avéspera asiática, o que suporá a realización das seguintes actuacións:

. Revisión e actualización do estado dos avisos e/ou notificacións de avistamento de niños de Vespa Velutina recibidos e rexistrados a través da aplicación <https://www.controlvelutina.es/> mediante chamada dos cidadáns ao 012, valoración destes, e organización para a súa retirada.

. Eliminación/neutralización de niños activos de avéspera asiática ou realización daquelas outras actuacións que procedan cun tempo de resolución dos avisos dun máximo de 5 días hábiles.

Neste tempo de resolución non contabilizaran cuestións como poden ser as dificultades para contactar coa persoa comunicante ou a dificultade para concretar unha data de retirada con esta, ou calesquera outras circunstancias que entorpezan os labores concretos de retirada dos niños tales como as situadas en espazos nos que a aplicación de insecticida supoña un risco de explosión, zonas próximas a tendidos eléctricos, ou niños situados en vías de transporte, zonas portuarias ou aeroportuarias, ou aquelas nas que sexa preciso realizar un desbroce ou calquera outra tarefa complementaria, así como aqueles que se encontren nunha banda de seguridade de bacías de ríos, masas de auga superficiais ou outros acuíferos.

. Sinalamento da localización dos niños inactivos que non se retirarán, co fin de evitar réplicas de avisos.”

Pola súa banda, as obrigadas das entidades locais adheridas concréntanse en:

“. Coordinarse coa Xunta de Galicia nas actuacións de retirada de niños de forma que cando así se precise presten a súa colaboración, levando a cabo por medios propios as actuacións necesarias para simplificar e facilitar os labores de retirada e eliminación de niños de Vespa Velutina, a requirimento da Xunta de Galicia ou por iniciativa propia.

. Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a información relativa ao programa de retirada de niños de Vespa Velutina da Xunta de Galicia”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

O convenio ten unha duración ata o 30 de decembro de 2024, sen prexuízo das prórrogas que se acorden antes da súa finalización.

A Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes encargou á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SA (SEAGA) a execución dos traballos de retirada e destrución de niños incluídos no Programa galego de vixilancia e control fronte á vespa asiática (vespa velutina).

A adhesión ó convenio non implica gastos de ningún tipo para o Concello de Vigo, limitándose a colaboracións con medios propios.

A competencia en materia de animais salvaxes -como é a vespa velutina- e exclusivamente da Xunta de Galicia, non obstante a súa nidificación pode afectar as zonas urbanas ou a seguridade das persoas onde concorren, tamén, competencias municipais na protección do medio ambiente urbano e seguridade dos cidadáns de conformidade co establecido no artigo 25.2. da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL.

Tamén, con carácter xeral, considérase de interese xeral o control da vespa velutina para o protección da fauna autóctona e conservación do medio natural.

O convenio de que se trata (a súa adhesión a este) é un convenio de colaboración interadministrativo dos que, con carácter xeral, ao abeiro dos artigos 47.2.a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 5 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación cos artigos 111 do Rdl 781/1986, de 2 de abril, 6.1. da LCSP, poden realizar as Administracións Públicas entre sí, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso a protección do medio ambiente e seguridade das persoas.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido, polo que se xustifica a conveniencia e oportunidade para a adhesión ó citado convenio.

É competente para a aprobación da adhesión do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigos 4 e 6.2. e Disposición adicional segunda da LCSP.

Polo exposto, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión do Concello de Vigo ó Convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á vespa asiática (Vespa Velutina), asinado polas partes en data 07.02.2024.

SEGUNDO.- En virtude da resolución de delegación de competencias do alcalde de data 20.06.2023 (BOPPO do 28.06.2023) corresponde á a terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, a formalización da adhesión cumprimentando o Anexo III do convenio.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(114).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11206/320.

Visto o informe xurídico de data 12/02/2024 e o informe de fiscalización do 14/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 02/02/2024, asinado pola técnica de Xestión e a xefa do Servizo de Participación Cidadá e conformado polo concelleiro-delegado e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 8 de maio de 2023, o Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas autorizou iniciar o expediente de contratación da PRESTACIÓN DE SERVIZOS MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 5 de maio de 2023, e polo Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas en data 8 de maio de 2023.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

2. Declaración do redactor do prego de prescricións técnicas particulares asinada polo arquitecto técnico de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, de data 11/12/2023.
3. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 11/12/2023, asinado polo arquitecto técnico de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
4. Memoria económica do contrato, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, corrixida o 17/01/2024 (última sinatura dixital)
5. Certificado de existencia de crédito do 22/01/2024 (RC núm. Operación 6400, (RCFUT núm. Operación 6401).
6. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada pola técnica de xestión, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda corrixida en data 22/01/2024.
7. Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa de área de Contratación e Novos Proxectos, de data 18/12/2023.
8. Prego de cláusulas administrativas corrixido en data 2/02/2024, asinado pola pola técnica de administración xeral de Contratación e a xefa de área de Contratación e Novos Proxectos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia estaba delegada por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo", e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020, o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, en resolución de 8 de maio de 2023, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo arquitecto técnico de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral e a xefa de área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto de tramitación ordinaria.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición

adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (11206/320) por procedemento aberto de tramitación ordinaria do “SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO”.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 11 de decembro de 2023 e o prego de cláusulas administrativas de 2 de febreiro de 2024, que rexerán a contratación do “SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO”.

3º.- Aprobar o gasto de 96.990,70 € para a contratación dos “SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO” con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2120000 do orzamento do concello de Vigo, distribuídos do xeito seguinte:

ANUALIDADE	IMPORTE
2024	36.371,51 €
2025	48.495,35 €
2026	12.123,84 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(115).- ACEPTACIÓN DA DOAZÓN EN VIDA CON EFICACIA POST MORTEM DA COLECCIÓN DE ARTE DE ENCARNACIÓN PENELAS VALLADARES. EXPTE. 7384/337.

Visto o informe xurídico de data 19/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 23/02/2024, asinado polo director do Museo Quiñones de León e o xefe de Museos Municipais e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Con data 1.03.23 Encarnación Penela Valladares ***128**R presenta escrito na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo polo cal oferta ao Concello de Vigo a doazón en vida con eficacia post mortem da súa colección de obras de arte.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

En data 6.03.23 o Concelleiro Delegado de Cultura resolve encomendar ao Museo municipal “Quiñones de León” a realización dun informe valorativo da oferta da doazón efectuada.

Visto o cal o director do museo municipal, a partir de visita realizada á doante para valoración da colección, realizando somero inventario con fotografía, e as consultas bibliográficas realizadas; en data 2.02.24 emite informe valorativo do interese artístico colección de obras de arte ofertada, que se inclúe no expediente, e cuxos elementos principais figuran no presente informe.

I. Descrición da colección ofertada

A colección ofertada está formada por **157 obras de arte**, pintura e escultura. Para a descrición e valoración da colección, convén dividila en dous conxuntos diferenciados: o primeiro formado por obras realizadas pola doante Encarnación Penelas, escultora e pintora; o segundo formado por obras doutros artistas, maiormente amigos persoais de Penelas. Todas as obras relaciónanse no documento anexo **INVENTARIO**.

1. Conxunto A. Obras da autoría de Encarnación Penelas

1.1. A artista Encarnación Penelas

Encarnación Penelas Valladares nace o 14 de abril de 1933 en Codeseda, A Estrada. Recíbe o primeiro ensino na escola unitaria da parroquia e despois con trece anos ingresa interna no colexio vigués das Carmelitas. A cidade á que chega e a aldea que deixa formarán desde entón o dobre mundo en que vai-se mover a artista.

Casa en 1959 en Vigo e comeza, como tantas outras mulleres da súa época, unha vida convencional de dedicación “ós seus labores”. Esa é a “profesión” que fai constar Encarna cando se matricula na Escola de Artes e Oficios o 18 de setembro de 1975.

Na Escola recibe clases na especialidade de modelado/baleirado, sen gran proveito segundo ela mesma comenta. Máis interesantes foron sen dúbida as clases de talla en madeira que recibiu no centro do gran escultor galego Camilo Nogueira.

Pola mesma época Encarna tamén entra en contacto coa pintura. Durante seis meses asiste ás clases do pintor Castro Couso integrándose no colectivo Abracadabra, con quen Encarna participa na súa primeira exposición colectiva, a mostra da Praza de Princesa do mes de xaneiro de 1978.

Esta primeira formación artística decontado quedou superada polas súas inxerencias creativas que a levaron a estudar, visitar exposicións, feiras de arte.

A súa primeira exposición individual será en 1979, na sala da Delegación de Cultura en Pontevedra. en Pontevedra. Titulada “Abstraccións, bodegóns, paisaxes” agrupa varios dos seus primeiros óleos acompañados por texto de Castro Couso.

Desde entón Encarna mergullase de cheo na creación e, aínda que nunca vai deixar de pintar, os seus pasos dirixense sobre todo polo camiño da escultura. Primeiro en madeira; logo suma a pedra, mármore ou granito; finalmente chega ó bronce.

As décadas seguintes dos 80 e 90 son verdadeiramente intensas para a artista. Das mostras nas salas viguesas e galegas como Van Gogh, Cerralbo, Abel Lepina, Citania... moi pronto pega o salto a Madrid onde expón por vez primeira en 1984 na Galería Múltiple 4.17 con excelentes críticas. O ano seguinte 1985 será crave na expansión da súa carreira. Participa na feira ARCO e nas internacionais de Montreal ou Basilea.

Encarna Penelas, dez anos atrás unha completa descoñecida, atopase neste momento plenamente recoñecida e integrada no tecido artístico da época. Destaca a fonda amizade que fai con Laxeiro quen a consideraba “una gran escultora” e quen a apadriña en Madrid compartindo sala con ela en 1987 na reputada galería Galería Balboa 13.

Tras estas dúas décadas de actividade, chegado ó novo milenio, Encarna sen moita explicación desaparece do panorama artístico. Non só deixa de expoñer. E que tamén deixa de crear.

En 2016 a catedrática de arte Pilar Vicente de Foronda no seu artigo 40 escultoras españolas del Siglo XX inclúe a Encarna Penelas na súa selección. Ela, con Elena Colmeiro, son as únicas representantes galegas.

O Concello de Vigo faille recoñecemento público da cidade cando a autora fai o seu noventa aniversario coa exposición *Disto hai vinte anos. A escultora Encarna Penelas en retrospectiva que se celebra na Casa Galega da Cultura entre o 15 de decembro de 2023 e o 31 de marzo de 2024.*

1.2. As obras da autoría de Encarna Penelas dentro da colección ofertada

A parte sustancial da colección está formada por **103 obras** realizadas por **Encarna Penelas** das que 67 son esculturas e 26 pinturas.

As obras pictóricas son maiormente de formato medio e grande e realizadas en óleo sobre tea. Todas elas datan dos anos 80 e 90 do século pasado e estilisticamente movense nun expresionismo abstracto, con visos figurativos nalgunha delas, de moi intenso e contrastado corido, que levan a poñela en relación cos movementos da época, particularmente co grupo Atlántica.

A escultura ocupa a parte principal da colección porque Encarna Penelas é ante todo escultora. Estendense igoalmente por toda a súa época de produción, anos 80 e 90. Aparecen exemplos moi tempranos de carácter totalmente figurativo, realizados en arxila nos primeiros anos de formación na Escola de Artes e Oficios. Logo en madeira con grandes e máis ambiciosos proxectos onde vai depurando o seu estilo característico. Tamén en mármore no que o elemento orixinario pode ser figurativo pero que a escultora, a base de concienciado traballo, con excelente técnica, acaba moitas veces deixando en elemento abstracto. O bronce ten tamén representación en obras de diversos tamaños, moitas seriadas en pequenas edicións a partir de orixinais en arxila ou madeira.

Este conxunto é a máis ampla representación da autora Encarna Penelas na actualidade e ten unha calidade indiscutible.

A colección de Afundación dispón de tres esculturas e dúas pinturas da artista.

Descoñécese outra presenza da autora en museos públicos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

O museo municipal non dispón na actualidade de ningunha obra da artista viguesa Encarna Penelas.

2. Conxunto B. Obras da autoría doutros artistas

Tratase dun conxunto formado por **54 obras** de carácter moi heteroxéneo, ao ser produto, segundo comenta a propia Penelas, dos agasallos que os artistas facíanse entre sí.

Laxeiro, gran amigo de Encarna, é o autor máis representado con **8 obras**; dos cales 3 son retratos, un óleo, dous carbón. Os 5 restantes son tintas algunhas coreadas e con diferentes motivos (froses, nenos, abstracción,...).

Séguelle **Lodeiro** con **3 obras**, dúas grandes paixases xeométricas e un pequeno traballo en cor.

Con **2 obras** estarían **Antonio Quesada, Ana Legido, Pedro Bueno, Limés, Calabuig e Cifuentes**.

E con **1 cadro**, unha nómina de artistas moi diversa e de calidade variable anque con cadros de artistas consagrados con nula ou moi pouca representación no museo municipal “Quiñones de León”: Jorge Castillo, Almudena Fernández Fariña, Lago Rivera, Leopoldo Nóvoa, Victoria de la Fuente, Carlos Crego, etc.

II. Valoración histórico-artística da colección en doazón con eficacia postmortem

A colección persoal de obras de arte da artista Encarna Penelas é verdadeiramente interesante tanto polos autores representados como por formar un conxunto que ofrece o panorama artístico de toda unha época, os 80 e 90 do pasado século, nunha cidade, Vigo. Un privilexiado miradoiro desde o cal seguir a febril e intrincada rede de relacións que os artistas establecían entre eles, as distintos tendencias, movementos, etc.

As obras realizadas por Encarna Penelas dentro da colección constitúen, como se dixo, a representación existente máis ampla desta artista viguesa, relativamente escasa en coleccións públicas. Son obras maiormente de alta calidade con poucas de menor interese, e todas elas interesan en tanto ofrecen diversas facetas da creadora e facilitan a interpretación da obra no seu conxunto.

O conxunto formado por outros autores dentro da colección nace a partir dos intercambios naturais de obra entre artistas. Conviven neste conxunto autores de primeira liña na plástica galega do século XX, como Laxeiro - que retrata a Encarna Penelas tres veces – Lodeiro, Jorge Castillo, Almudena Fernández Fariña, etc; con outros de menor proxección fora do panorama estritamente local pero que axudan a bosquexar como se dixo a escena plástica da cidade na época de produción da artista.

III. Valoración económica da obra ofertada e outras consideracións

En base as análises realizadas establececese como valor económico da colección **318.500 euros**.

Todas as obras presentan no momento do presente informe un excelente estado de conservación.

A ofertante non impón condición de ningunha clase para realizar a doazón agás tratase de doazón en vida con eficacia post mortem.

A Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia establece, no seu título VIII, art. 111.1., que os museos "son institucións de carácter permanente, abertas ao público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, adquisición, (...) de bens patrimoniais de carácter cultural que constitúen testemuños das actividades do ser humano ou do seu ámbito natural, con fins de estudo, educación, desfrute e promoción científica e cultural."

O Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León" dispón dunha das mellores coleccións de arte galega da nosa comunidade.

A colección ofertada en doazón **en vida con eficacia post mortem** representa un conxunto excelente de obras dunha artista viguesa Encarna Penelas, e de todos os autores que a rodearon de xeito que permite un ollada moi valiosa á escena plástica da cidade de Vigo, e mesmo de Galicia, nas décadas dos 80 -90 do pasado século XX.

Queda así plenamente xustificado o interese público da colección e a conveniencia de aceptar a doazón en vida con eficacia post mortem da colección de arte de Encarnación Penelas Valladares, en beneficio do Concello de Vigo e con destino ao seu Museo Municipal "Quiñones de León".

IV. Informe xurídico favorable

En data 19.02.24 a letrada-xefa de asesoramento xurídico Susana García Alvarez emite informe acerca de que o contido documental e tramitación do expediente cumpren co sinalado na lexislación patrimonial, sinalando que no momento no que suceda o falecemento da doante as obras terán que ser entregadas ao Concello de Vigo e procederase a modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico e tamén a modificación do inventario do museo conforme o disposto no artigo 115.1 da LPCG.

Visto todo o cal, co informe favorable da letrada-xefa de asesoramento xurídico; coa conformidade do Xefe do Servizo de Museos; do Concelleiro Delegado de Cultura; da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA.-

"Aceptar a doazón en vida con eficacia post mortem da colección de arte de Encarnación Penelas Valladares ****128**R, cuxa descrición obra no anexo; para o seu ingreso na colección de arte galega do Museo Municipal "Quiñones de León". No momento no que suceda o falecemento da doante as obras terán que ser entregadas ao Concello de Vigo e procederase a modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico e tamén a modificación do inventario do museo conforme o disposto no artigo 115.1 da LPCG."

ACORDO



CONCELLO DE VIGO





Expte. 1642/1102

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO.-

INVENTARIO DA COLECCIÓN DE ARTE DE ENCARNACIÓN PENELAS VALLADARES OFERTADA EN DOAZÓN.-

INVENTARIO COLECCIÓN ENCARNACIÓN PENELAS

Nº	AUTORA	TÍTULO	VALOR €	IMAGEN
1-R	Encarnación Penelas	S/T	3.000	
2-R	Encarnación Penelas	Pomba	500	
3-R	Encarnación Penelas	Parella	500	
4-R	Encarnación Penelas	Pomba	500	

5-R	Encarnación Penelas	Muller	500	
6-R	Encarnación Penelas	Torso	1.000	
7-R	Encarnación Penelas	Muller	500	
8-R	Encarnación Penelas	Pomba	500	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102



9-R	Encarnación Penelas	Muller	2.000	
10-R	Encarnación Penelas	Muller	3.000	
11-R	Encarnación Penelas	Muller maior	1.000	
12-R	Encarnación Penelas	Menina	500	

13-R	Encarnación Penelas	Guitarrista	1.000	
14-R	Encarnación Penelas	Familia	1.000	
15-R	Encarnación Penelas	Muller	1.500	
16-R	Encarnación Penelas	Torso	6.000	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

17-R	Encarnación Penelas	Muller guitarrista	1.000	
18-R	Encarnación Penelas	Nena	1.500	
19-R	Antonio Quesada	Paisaxe 1981	2.000	
20-R	Laxeiro	Retrato de Encarna 1980	3.000	

21-R	Laxeiro	Retrato de Encarna 1985	3.000	
22-R	Rafael Alonso	Flores	3.000	
23-P	Xosé Solla	Espida con paxaro 1987	3.000	
24-P	Pedro Bueno	Espido	1.000	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102


25-P	Lodeiro	S/T	9.000	
26-P	Encarnación Penelas	Dúas mulleres	1.000	
27-P	Ana Legido	Menina	2.000	
28-P	Correa Corredoira	Porto	4.000	





29-P	Encarnación Penelas	Equilibrio	3.000	
29.2-P	Encarnación Penelas	<i>Despois da noite ó día</i>	3.000	foto
30-P	Encarnación Penelas	Paisaxe	1.500	
31-P	Encarnación Penelas	Paisaxe	1.500	
32-S	Carlos Crego	S/T	5.000	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

33-S	Laxeiro	S/T	6.000	
34-S	Molina Sánchez	S/T	500	
35-S	Encarnación Penelas	S/T	2.000	
36-S	Marco Antonio	Praia	500	

37-S	Rafael Calvo	S/T	500	
38-S	Fernando Quesada	S/T	500	
39-S	Xosé Barreiro	Muller	6.000	
40-S	Encarnación Penelas	S/T	3.000	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102





41-S	Fedra		S/T	500	
42-S	López Guntín		S/T	500	
43-S	Luis Alcántara			1.000	





44-S	Encarnación Penelas	Parella en praia	2.000	
45-S	X.M. Tomé	S/T	500	
46-S	Manuel Izquierdo	S/T	500	
47-S	Manuel Izquierdo	S/T	500	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102





48-S	Lodeiro	S/T	9.000	
49-S	Encarnación Penelas	Paisaxe	1.000	
50-S	Encarnación Penelas	Muller	500	
51	Encarnación Penelas	Home	1.000	




52-S	Encarnación Penelas	Mans	500	
53-S	Encarnación Penelas	Neno	5.000	
54-S	Encarnación Penelas	Parella	1.500	
55-DM	Limés		1.000	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

56-Dm	Encarnación Penelas	S/T	1.000	
57-Dm	Mercedes Lence	Preamar	500	
58-Dm	Encarnación Penelas	S/T	1.000	
59-Dm	Encarnación Penelas	S/T	500	
60-Dm	Encarnación Penelas	Pomba	500	





61-Sp	Encarnación Penelas	Illa rosa	1.000	
62-Sp	Encarnación Penelas	S/T	3.000	
63-Sp	Encarnación Penelas	Maternidade	2.000	
64-Sp	Descoñecido	S/T	300	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102





65-SP	Tony Rivas		S/T	1.500	
66-Sp	Elena Valenzuela		S/T	100	
67-Sp	Sofía Fernández		S/T	100	





68-SP	Calabuig		300	
69-SP	Encarnación Penelas		2.000	
70-SP	Encarnación Penelas		1.500	
71-SP	Encarnación Penelas	Menina	500	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102





72-SP	Encarnación Penelas		1.500	
73-SP	Encarnación Penelas		1.000	
74-SP	Encarnación Penelas	Maternidade	1.500	
75-SP	Encarnación Penelas	Maternidade	3.000	

76-SP	Encarnación Penelas		1.500	
77-SP	Encarnación Penelas		3.000	
78-SP	Encarnación Penelas		500	
79-SP	Encarnación Penelas		500	
80-SP	Encarnación Penelas		1.000	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102





81-82-83 SP	Encarnación Penelas	3 pezas, Anduriña a central	750	
84-SP	Encarnación Penelas		5.000	
85-SP	Encarnación Penelas		6.000	
86-SP	Encarnación Penelas		2.000	

87-SP	Encarnación Penelas	Muller deitada	2.000	
88-SP	Encarnación Penelas	Parella deitada	2.000	
89-SP	Encarnación Penelas	S/T	500	
90-SP	Encarnación Penelas	Maternidade	500	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102





91-SP	Encarnación Penelas	s/t	500	
92-SP	Descoñecido/Madrid	Alumeamento	500	
93-SP	Encarnación Penelas	Torso de muller	1.000	
94-SP	Encarnación Penelas		500	






95-SP	Encarnación Penelas		500	
96-SP	Encarnación Penelas		500	
97-SP	Encarnación Penelas		500	
98-SP	Encarnación Penelas		500	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102






99-SP	Encarnación Penelas		500	
100-SP	Encarnación Penelas		1.500	
101-SP	Encarnación Penelas		2.000	
102-SP	Encarnación Penelas		5.000	






103-SP	Encarnación Penelas		2.000	
104-SP	Encarnación Penelas		3.000	
105-SP	Encarnación Penelas		3.000	
106-SP	Encarnación Penelas		500	
107-SP	Encarnación Penelas		500	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

108-SP	Encarnación Penelas		500	
109-SP	Encarnación Penelas		500	
110-SP	Encarnación Penelas		1.000	
111-SP	Encarnación Penelas		500	
112-SP	Encarnación Penelas		4.000	





113-SP	Encarnación Penelas	Autorretrato	1.000	
114-SP	Encarnación Penelas	Autorretrato	500	
115-SP	Encarnación Penelas	Paisaxe	2.000	
116-SP	Fernando Parmentier		1.500	
117-SP	Leopoldo Nóvoa		20.000	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

118-SP	Laxeiro	Escena infantil	6.000	
119-SP	Pedro Sardiña		1.000	
120-SP	Laxeiro	Xerro con flores	6.000	
121-SP	Arturo Cifuentes		5.000	
122-SP	Almudena Fernández-Fariña	Mala yerba	5.000	

123-SP	Manuel Izquierdo		1.000	
124-SP	Lodeiro		1.000	
125-SP	Encarnación Penelas		1.000	
126-SP	Limés		1.000	
127-SP	Encarnación Penelas		1.500	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

128-SP	Encarnación Penelas		1.500	
129-P	Descoñecido		500	
130-SP	Encarnación Penelas		1.000	
131-SP	Jorge Castillo		5.000	
132-SP	Descoñecido		500	

133-SP	Laxeiro	Retrato de Encarna	12.000	
134-SP	Victoria de la Fuente	Neno con capota	8.000	
135-SP	Ángel		500	
136-SP	Calabuig		300	
137-SP	Garaizabal		1.500	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

138-SP	Aramburu		2.000	
139-SP	Sucasas		8.000	
140-SP	Antonio Quesada		3.000	
141-SP	Encarnación Penelas		2.000	





142-SP	Alcántara		1.000	
143-SP	Encarnación Penelas		1.000	
144-SP	Laxeiro		6.000	
145-SP	Sevillano		3.000	
146-SP	Encarnación Penelas		1.500	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102



147-SP	Merino		500	
148-SP	Lago Rivera		6.000	
149-SP	Encarnación Penelas		1.500	
150-SP	Descoñecido		100	
151-SP	Ana Legido		1.500	

152-SP	Encarnación Penelas		2.000	
153-SP	Arturo Cifuentes		5.000	
154-SP	Abreu Bastos		5.000	
155-SP	Laxeiro		6.000	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

156- SP	Alcántara		1.000	
157- SP	Pedro Bueno		500	

7(116).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA CITROËN”. EXPTE. 5615/443.

Dáse conta do informe-proposta de data 21/02/2024, asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 01.04.2022 resolveu autorizar o gasto e adjudicar o contrato menor para a redacción do proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE CITROËN” a favor da mercantil INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.

II.- A devandita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE CITROËN”, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Dna. María Ferreiro Núñez.

III.- O Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 04.07.2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Técnico de Administración Xeral, en data 08.07.2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- As actuacións teñen lugar entre a intersección da Avda .de Citroën coa vía de Camposancos e a Avda

de Florida ata antes da glorieta existente no cruce coa rúa Val Miñor e a avenida Alcalde Portanet, e consisten as obras a executar as que enuméranse a seguir:

- Fresarase o pavimento da capa de rodada da calzada da avenida de Citroën sendo o espesor do fresado de 5 cm.
- Reposición do firme da calzada mediante MBC AC16 SURF BC 50/70 D en espesor de 5 cm. Nas seccións de firme que se observe deterioro do paquete completo, a actuación será mais profunda e substituiranse tódalas capas mediante 5 cm de MBC tipo AC-16 SURF D BC 50/70 na rodada, sobre unha capa intermedia de 8 cm de MBC tipo AC-22 BIN BC 50/70 S, que á sua vez irá sobre unha capa base MBC tipo AC-32 BASE BC 50/70 G de 12 cm de espesor, que irá colocada sobre unha subbase de zorra artificial de 25 cm, cos seus correspondentes regos entre capas.
- Instalaranse sumidoiros e conectaranse á rede de pluviais mediante tubaxe de PVC 250 mm de diámetro para mellorar a drenaxe da calzada máis próxima ao río Lagares.
- Reporase a sinalización horizontal afectada polos traballos de pavimentación.
- Deixaranse tódalas arquetas e sumidoiros existentes á cota da rasante do vial.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES) 3 meses.

V.- A Enxeñeira Técnica de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite en data 20.02.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca una zona de solo urbano consolidado. En canto á necesidade dos permisos sectoriais, non é necesario solicitar autorización debido a que ó proxecto e as distintas actuacións que se teñen previsto realizar sobre as infraestruturas actuais, non modifican os ámbitos de intervención xa existentes, concretamente da zona de servidume do aeroporto de Vigo e as zonas de policía do dominio público hidráulico do río Lagares, con competencia de Augas de Galicia.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei. ministracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA CITROËN”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS

CINCUENTA E CINCO MIL CENTO CINCUENTA E NOVE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (555.159,11 EUROS), de data maio de 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proxecto de convenio de colaboración coa Fundación La Caixa para a instalación da exposición “NANOCOSMOS” na rúa Príncipe desta cidade. Expte. 3579/341.
- .- Alugueiro polo Concello de Vigo ao Consorcio do Casco Vello de Vigo de piso na rúa Abeleira Menéndez, para ser destinado a vivenda para familias en situación de vulnerabilidade. Expte. 2182/443.
- .- Actualización da estrutura salarial do persoal traballador beneficiario e técnico xestor do “Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións no marco do Plan de Emprego” para o ano 2024. Expte. 20730/77.
- .- Expediente de contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo 2024-2028. Expte. 10119/113.
- .- Expediente de contratación dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do Centro municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais de competencia municipal do Concello de Vigo. Expte. 16565/306.
- .- Modificación do contrato de Servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo. Expte. 6973/241.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

8(117).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN LA CAIXA PARA A INSTALACIÓN DA EXPOSICIÓN “NANOCOSMOS” NA RÚA PRÍNCIPE DESTA CIDADE. Expte. 3579/341.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 27/02/2024, dáse contat do informe-proposta de data 22/02/2024, asinado polo xefe de Museos Municipais e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Con data 7 de febreiro de 2024, a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística resolveu que se iniciase un expediente para desenvolver un convenio de colaboración coa Fundación “la Caixa” para a instalación da exposición “Nanocosmos” na rúa Príncipe desta cidade.

Con data 9 de febreiro de 2024 o xefe do Servizo de Museos Municipais asina memoria xustificativa en relación coa procedencia de sinatura do convenio de colaboración.

O Concello de Vigo e a Fundación “la Caixa” teñen por interese común promover a cooperación e colaboración para o desenvolvemento de iniciativas e proxectos de carácter cultural dirixidos á cidadanía de Vigo. Esta colaboración se manifesta na vontade de instalación da exposición “Nanocosmos” na rúa Príncipe desta cidade. Esta exposición itinerante de Arte mostra, a través de cincuenta imaxes realizadas con microscopio electrónico de varrido por Michael Benson, un percorrido pola flora e fauna que amosan detalles que doutra forma serían imperceptibles, permitindo apreciar a súa complexidade.

Basicamente, as orientacións tratadas consisten en que a Fundación “la Caixa” asume por completo os custes da exposición, incluíndo produción e organización, comisariado da mostra, seguro de responsabilidade civil, transporte, montaxe e desmontaxe, difusión, deseño, produción e instalación de elementos publicitarios que se instalen en vía pública ou eventuais danos que se poidan ocasionar na vía pública.

Pola súa banda, o Concello de Vigo facilitará, en esencia, as xestións e permisos necesarios para o desenvolvemento da exposición, a súa difusión na páxina web e redes municipais e a asunción dos custes de subministro eléctrico e auga facilitando os traballos de instalación da exposición a acometida eléctrica e unha boca de rego. Para o desenvolvemento dos compromisos asumidos polo Concello de Vigo cóntase coa colaboración do Museo MARCO, que asume a cesión de tomas de corrente e consumo de luz e a toma de auga para limpeza. Así mesmo, se realizaron as oportunas xestións co Parque Central de Servizos para a posta a disposición das vallas e contactouse con Seguridade e Mobilidade pola ocupación da vía pública. A priori manifestaron a súa dispoñibilidade para acceder ao solicitado. En todo caso, o Servizo de Museos Municipais tramitará, para pequenos gastos, os expedientes de contratación de servizos necesarios, con cargo ao orzamento municipal vixente, a través dun contrato de gasto menor, toda vez que estímase un gasto máximo inferior aos 3.000,00 €.

Polo exposto, coa conformidade do xefe do servizo de Museos e do Concelleiro-delegado de Cultura, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

1.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación “la Caixa” para a instalación da exposición “Nanocosmos” na rúa Príncipe desta cidade, incluído no Anexo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN “LA CAIXA” PARA A INSTALACIÓN DA EXPOSICIÓN “NANOCOSMOS” NA RÚA PRÍNCIPE DESTA CIDADE

A data de sinatura

REUNIDOS

Dunha parte, **D^a MARÍA CARMEN SILVA REGO**, concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo, CIF P3605700H, con sede na praza do Rei, nº 1, 36202; en virtude do decreto da Alcaldía do 19 e 28 de xuño do 2023 polo que se establece a estrutura da Administración do Concello de Vigo e se delegan as competencias 2023-2027 e o decreto da alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación xenérica de competencias en concelleiros das Area de Goberno e concelleiros delegados.

E doutra parte, o **SR. D. RAFAEL FERNANDO CHUECA BLASCO**, actuando en nome e representación da Fundación Bancaria Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona “la Caixa”, en adiante **Fundación “la Caixa”**, da que é Director Corporativo de Territorio e Centros, entidade domiciliada en Palma (Illas Baleares), Plaza Weyler, Nº 3, código postal 07001, e con N.I.F. G-58899998.

MANIFESTAN

O desexo de colaboración de ambas institucións para a instalación da exposición “**Nanocosmos**” en Vigo.

Unha exposición itinerante de Arte na rúa, que a través de cincuenta imaxes realizadas con microscopio electrónico de varrido por Michael Benson, nos amosan un recorrido pola flora e a fauna que mostra detalles que doutra forma serían imperceptibles, permitindo apreciar a súa complexidade.

En consecuencia, recoñecéndose mutuamente os comparecentes facultades suficientes para representar aos seus mandantes, e a eles capacidade xurídica para obrigarse, se comprometen, co fin de concordar os seus respectivos intereses aos seguintes:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

PACTOS

1. Obxecto do Convenio

É obxecto do presente Convenio de colaboración, a organización conxunta da instalación en Vigo, da exposición “**Nanocosmos**”, actividade itinerante da Fundación “la Caixa”.

2. Duración do Convenio

A actividade prevista desenvolverase en Vigo, entre o 11/03/24 e o 25/04/2024 incluídos os días de montaxe e desmontaxe – sendo o día de inauguración o 13/03/2024 e as datas de apertura ao público do 14/03/24 ao 23/04/2024.

3. Compromisos asumidos pola Fundación “la Caixa”

No marco do presente Convenio, a Fundación “la Caixa” asumirá as seguintes xestións e/ou gastos:

- 3.1 A Fundación “la Caixa” farase cargo da produción e organización da exposición.
- 3.2 A Fundación “la Caixa” asumirá o custo do comisariado da mostra.
- 3.3 A Fundación “la Caixa” contratará unha póliza de seguro de responsabilidade civil.
- 3.4 A Fundación “la Caixa” farase cargo do transporte, montaxe, desmontaxe e instalación da exposición “Nanocosmos” en Vigo.
- 3.5 A Fundación “la Caixa” asumirá as xestións e os custos para a instalación do cadro eléctrico, conexiónado, toma de terra, legalizacións e permisos, sendo a potencia necesaria 5 kW (monofásico).
- 3.6 A Fundación “la Caixa” realizará todo o material de difusión en, galego- castelán baixo a forma de elementos físicos ou de difusión, elementos publicitarios, e actos de difusión que se realicen, e aqueles outros materiais que se acorden entre as partes, así como a comunicación que se realice aos medios de comunicación dentro do marco de colaboración do proxecto; sen que isto vaia en detrimento da difusión que o Concello de Vigo crea conveniente realizar a través dos seus canais habituais. En toda a difusión gráfica constará a colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación “la Caixa”, segundo consta no Manual de Aplicación de Marca da Fundación “la Caixa”, debendo facilitar a Fundación “la Caixa” ao Concello de Vigo probas previas de tódolos materiais e deseños para a oportuna revisión e conformidade.
- 3.7 A Fundación “la Caixa” realizará o deseño, produción, instalación e retirada dos elementos publicitarios que se instalen na vía pública para dar a coñecer a exposición, sempre de acordo coas condicións establecidas polo Concello de Vigo nas correspondentes autorizacións. Igualmente, realizará a produción, instalación e retirada de tódolos elementos de difusión de bandeirolas de farol, pancartas, mastros, etc.
- 3.8 A Fundación “la Caixa” asumirá a reparación dos danos que poida ocasionar a actividade sobre o firme e demais elementos do espazo que ocupará a exposición na rúa Príncipe.
- 3.9 En relación cos compromisos asumidos por parte do Concello de Vigo a Fundación “la Caixa” en caso de que resulte necesario, deberá solicitar o consentimento dos interesados para a captación e difusión de imaxes nas que estes aparezan.

Así mesmo, deberá informar ao Concello de Vigo sobre a cesión das imaxes para a publicación das imaxes na súa web corporativa.

4. Compromisos asumidos polo Concello de Vigo

No marco do presente Convenio, o Concello de Vigo, asumirá, sen xerar gasto para a Fundación “la Caixa”, as seguintes xestións e permisos necesarios para o desenvolvemento da exposición:

- 4.1 Facilitará a xestión do permiso administrativo de instalación para a cesión gratuíta do espazo en Vigo. E facilitará a xestión da autorización para a instalación da exposición no referido espazo nas datas consignadas no punto 2 do presente Convenio.
- 4.2 Facilitará a colaboración da Policía Municipal, que á súa vez:
 - Acompañará aos camións-tráileres desde o exterior da cidade ata o lugar de descarga, onde será instalada a exposición, e viceversa ao finalizar a mesma.
 - Manterá despexada de vehículos a zona á chegada e saída dos camións.
 - Realizará as tarefas de sinalización e xestión do tráfico se foran necesarias.
 - Na medida do posible, realizará rondas nocturnas pola zona de implantación.
- 4.3 Procederá a retirar, no caso de que fose necesario, o mobiliario urbano necesario para realizar as manobras e chegada ao espazo de descarga dos camións-tráileres.
- 4.4 Concederá os permisos administrativos necesarios, sen custo económico, de circulación, carga e descarga dos elementos da exposición, así como o acompañamento policial e o permiso de estacionamento dos vehículos de apoio necesarios para a montaxe e desmontaxe.
- 4.5 Concederá os permisos administrativos necesarios e o listado de rúas para a instalación dos elementos de difusión na vía pública, tales como torretas e bandeirolas de farois.
- 4.6 Facilitará a difusión da información aos centros lúdicos, centros sociais, asociacións, etc.
- 4.7 Proporcionará a publicación do contido da exposición na web propia do Concello e outros canais que axuden á difusión da exposición no territorio, con información sobre a exposición (imaxe+ datas+ lugar+ logos) e con link á web da Fundación “la Caixa”.
- 4.8 Subministrará as vallas necesarias para delimitar o espazo que ocupará a exposición durante a montaxe e desmontaxe.
- 4.9 Facilitará unha boca de rega para o subministro de auga -e asumirá os custos de conexión e consumo de auga- para as limpezaas semanais da exposición.
A referida boca quedará colocada durante toda a actividade (incluída a montaxe e desmontaxe) e deberá dispor dun sistema (billa, manguera, etc.) que facilite o enchido de cubos para o persoal de limpeza.
- 4.10 Facilitará a recollida de lixos mediante un contedor e notificará ao servizo municipal correspondente a instalación temporal deste novo punto de recollida.
- 4.11 O Concello de Vigo comprométese a incorporar o vínculo-link de EduCaixa na Web municipal, co obxecto de poñer ao dispor do profesorado toda a oferta educativa da Fundación “la Caixa” correspondente ao curso 2023-2024.
Así mesmo, comprométese a incorporar o logotipo de EduCaixa en todas as comunicacións dirixidas á comunidade educativa, relativas á exposición.
- 4.12 Asumirá os custos da subministración eléctrica, facilitando as xestións necesarias para a súa conexión, sendo a potencia necesaria 5 kW. Débese dispoñer dunha acometida eléctrica con toma CTAC 32A, para un consumo máximo de 5 kW (monofásico) cunha protección diferencial 2 polos 25A 30ma clase: SE (superinmunizado) e unha protección magnetotérmica para 25A 2 Polos (Cable 4 mm).

5. Comisión de seguimento



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

Para o seguimento do desenvolvemento deste convenio, poderase constituír unha comisión paritaria mixta, integrada por representantes de cada unha das partes asinantes, que establecerá de común acordo as normas relativas ao seu funcionamento. A esta comisión corresponderanlle, entre outras funcións, as seguintes:

- Velar polo correcto desenvolvemento do proxecto e as necesidades que poidan xurdir na implementación do mesmo.
- Avaliar o cumprimento dos obxectivos.
- Realizar o control e seguimento e velar pola correcta aplicación da achega económica efectuada pola Fundación "la Caixa".
- Resolver as cuestións que xurdan en aspectos relativos á difusión.
- Avaliar o resultado do proxecto e da colaboración.

E en xeral, todas aquelas que se desprenden do presente Convenio e ou que as partes estimen convenientes.

A comisión de Seguimento celebrará as pertinentes reunións para o cumprimento das funcións que lle son propias, tomando os acordos que se consideren oportunos. Sen prexuízo do anterior, reuniranse, a requirimento de calquera das Partes, para tratar daqueles asuntos que pola súa urxencia ou especificidade non puidesen ser demorados ata a seguinte reunión periódica do mesmo.

Os membros da comisión darán conta do resultado da súa xestión ás respectivas institucións.

6. Aspectos xerais

- 6.1 A organización da exposición "*Nanocosmos*", en Vigo, corresponde ao Concello de Vigo e á Fundación "la Caixa".
- 6.2 O Concello de Vigo e a Fundación "la Caixa" actuarán en igualdade de condicións nas presentacións públicas e roldas de prensa que se poidan organizar para dar a coñecer a exposición "*Nanocosmos*".

7. Confidencialidade e tratamento de datos de carácter persoal

- 7.1 Os datos persoais incluídos neste Convenio (datos dos intervenientes) serán tratados pola outra Parte coa finalidade de xestionar a relación de colaboración, sendo a base do tratamento o cumprimento da devandita relación e conservaranse durante todo o tempo en que esta subsista e aínda despois, ata que prescriban as eventuais responsabilidades derivadas dela. Finalizados devanditos prazos de prescrición, os datos serán eliminados ou, alternativamente, anonimizados. Os intervenientes danse por informados do seguinte:
 - a) Os respectivos responsables do tratamento de datos de carácter persoal, son as partes asinantes e os datos de contacto do responsable de seguridade ou do delegado de protección de datos (DPD) de cada unha delas son os seguintes:
 - DPD de Fundación "la Caixa": E-mail: dpd@fundacionlacaixa.org; Dirección postal: Avenida Diagonal 621 – 629, 08028 Barcelona.
 - DPD do Concello: Dirección postal indicada no encabezamento.
 - b) Os datos persoais dos intervenientes non serán cedidos a terceiras entidades, nin serán obxecto de decisións automatizadas.
 - c) No caso de que as Partes precisasen contratar os servizos de provedores situados en países que non dispoñen de normativa equivalente á europea para o tratamento dos

seus datos, dita contratación realizaríase previo cumprimento de todos os requisitos establecidos pola normativa de protección de datos, e aplicando as garantías e salvaguardas necesarias para preservar a súa privacidade. Para máis información poden contactar cos responsables de seguridade ou os delegados de protección de datos de ambas as Partes, a través das direccións indicadas.

- d) Teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos, solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios, solicitar a oposición ou limitación do tratamento dos mesmos ou solicitar a súa portabilidade, enviando unha mensaxe ao responsable de seguridade ou delegado de protección de datos de calquera das Partes, nas direccións indicadas.
- e) Se consideran que o tratamento dos seus datos persoais vulnera a normativa, poden presentar unha reclamación aos responsables de seguridade ou delegados de protección de datos anteriormente referidos, ou ante a Axencia Española de Protección de Datos.

7.2 Queda expresamente convido que todos os datos ou información que o Concello comunique á Fundación "la Caixa" en relación co proxecto ou programa obxecto deste Convenio serán datos disociados, é dicir, aqueles que non permiten a identificación de persoa física algunha e, por tanto, estarán excluídos da aplicación da normativa de protección de datos. En particular, manterá informada á Fundación "la Caixa" da evolución do proxecto mediante datos de carácter cuantitativo, numérico e/o porcentual.

O Concello non terá acceso nin tratará datos de carácter persoal dos que sexa responsable Fundación "la Caixa", durante o desenvolvemento do presente Convenio. No caso de que, durante a vixencia do presente Convenio, o Concello tivese acceso a algún dato de carácter persoal dos que sexa responsable Fundación "la Caixa", deberá comunicalo inmediatamente á devandita entidade, aplicando as medidas de seguridade oportunas e procedendo ambas as partes para adoptar cantas medidas e/o accións puidesen ser necesarias de conformidade coa normativa en materia de protección de datos.

7.3 O Concello declara que cumprirá, baixo a súa única e total responsabilidade, con todas as obrigacións que lle sexan esixibles en aplicación da normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal. Así mesmo, comprométese a aplicar as medidas de seguridade necesarias, mantendo indemne á Fundación "la Caixa" de calquera indemnizacións e/o sancións reclamadas por calquera terceiro, incluídas as autoridades e organismos competentes.

8. Difusión

As partes asinantes comprométense a difundir a colaboración establecida mediante o presente Convenio, previo acordo sobre os medios nos que ten que ser difundida, a forma, as datas e outros temas, e previa aprobación da utilización das respectivas imaxes corporativas e o uso dos seus respectivos signos distintivos.

Con todo, isto, a imaxe coa cal se realicen os proxectos como consecuencia e en virtude do desenvolvemento do presente Convenio serán dados a coñecer, debe reflectir a colaboración das institucións asinantes.

Todas as accións de difusión en relación coa exposición na cidade de Vigo incluíndo as que implican a presenza dos medios de comunicación, requirirán da participación, aprobación e/o organización do Departamento de Comunicación a Fundación "la Caixa".

9. Vixencia



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

O presente Convenio entrará en vigor desde a data da súa firma dixital, e estará vixente ata finalizar a actividade obxecto do mesmo, que inclúe o final do desmonte da exposición na cidade de Vigo e, en calquera caso, ata que finalicen os compromisos de ambas as partes.

Con todo, a súa vixencia inicial, o mesmo poderá resolverse anticipadamente por acordo das partes ou por incumprimento de calquera delas das obrigacións contraídas.

10. Modificación do Convenio

O presente Convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a pedimento de calquera delas. Estas modificacións entrarán en vigor na data en que ambas as entidades acorden. Ditas modificacións reflectiranse nun documento que será asinado por ambas as partes e unido a este Convenio como Addenda do mesmo.

11. Extinción do Convenio

O presente Convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución anticipada do presente Convenio as seguintes:

- O incumprimento de calquera das súas cláusulas por algunha das Partes.
- O mutuo acordo das Partes.
- A denuncia de calquera das Partes.
- A entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que impidan o seu cumprimento.

12. Cesión

Este Convenio é persoal entre as Partes e non poderá ser cedido, total ou parcialmente, por ningunha delas sen o consentimento por escrito da outra parte.

13. Réxime xurídico

O presente Convenio interpretarase de conformidade coa lexislación española. En particular, este convenio ten natureza de convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral ao amparo do artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen finalidades lucrativas e dos incentivos fiscais ao mecenado.

As controversias que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que poidan derivarse do presente Convenio resolveranse entre as Partes, esgotando todas as formas posibles de conciliación para chegar a un acordo amigable extraxudicial. Na súa falta, serán competentes para coñecer as cuestións litixiosas os órganos xurisdicionais competentes da cidade de Vigo renunciando as partes de forma expresa ao seu propio foro se fose distinto.

14. Resolución de conflitos

As cuestións de aplicación, interpretación e efectos, que non poidan ser liquidadas polas partes serán resoltas pola orde xurisdicional contencioso administrativo.

As partes acordan, con renuncia expresa e consentida a calquera outro foro ou xurisdición que puidesen corresponderlles en dereito, someterse expresamente ao foro dos Xulgados e Tribunais de Vigo para calquera discrepancia, conflito ou litixios que se deriven sobre o cumprimento, execución ou interpretación do presente Convenio.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente Convenio.

9(118).- ALUGUEIRO POLO CONCELLO DE VIGO AO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO DE PISO NA RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ, PARA SER DESTINADO A VIVENDA PARA FAMILIAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE. Expte. 2182/433.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 28/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 21/02/2024, asinado pola técnica de Admón. Xeral da Oficina de Vivenda e Solo e o técnico de Actividades Económicas-xefe dos Servizos Centrais da Xerencia municipal de Urbanismo e conformado pola concelleira da Área de Goberno de Urbanismo e Vivende e pola concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Con data 02/08/2023 a Xerencia Municipal de Urbanismo, perante escrito dirixido á Concellería de Patrimonio do Concello de Vigo, manifesta o seu interese en poder incorporar á oferta municipal de pisos en alugueiro social o inmovible baleiro sito no segundo andar, letra A do número 24 da rúa Abeleira Menéndez da cidade de Vigo, propiedade do Consorcio do Casco Vello de Vigo (CCVV), debido á demanda de aloxamento residencial para familias vulnerables. No dito escrito solicita á Concellería competente en materia de Patrimonio, que se inicien os trámites oportunos.

2.- A concellería de Patrimonio, en atención ás súas funcións, solicita ao CCVV que inicie os trámites para o alugueiro do referido inmovible, coa finalidade de poder xestionalo dentro da política municipal de vivenda.

3.- Con data 31/08/2023 o xerente do CCVV asina informe proposta de contrato de alugueiro, que é remitida á Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) en data 01/09/2023 (doc 230282777), para que, de ser o caso, sexa validada a dita proposta.

4.- En data 12/09/2023 o xerente da XMU emite informe no que expresamente se recolle que *“non existe inconveniente na adopción do acordo que se propón polo Consorcio a instancia do Consello, así como para a firma do contrato no que se formalice esta proposta de acordo”*.

A secretaria delegada do Consorcio do Casco Vello de Vigo, con data 09/10/2023 emite certificación (expte 21768/240, trámite 2), referida ao acordo adoitado po maioría dos membros do Consello do Consorcio do Casco Vello de Vigo, en sesión extraordinaria celebrada o día 05/10/2023, referido á adxudicación directa de arrendamento de vivenda en Abeleira Menéndez 24-2ªA.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

5.- Con data 29/11/2023 a oficina de Vivenda e Solo, en resposta á petición da Concellería de Patrimonio, emite informe xurídico sobre a necesidade, finalidade e idoneidade da firma do obxecto do contrato.

6.- Remitido o clausulado definitivo do contrato ao Servizo de Vivenda e Solo da XMU para a súa firma, compróbase que a única modificación existente é a relativa ao prazo do alugueiro, que pasa de 5 anos no borrador conformado polo xerente, a 7 anos no contrato definitivo.

O texto definitivo do contrato é o seguinte:

CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL NÚM. 08 ABELEIRA MENÉNDEZ, 24 -2 ° A(ACCESO DENDE SAN SEBASTIÁN)

En Vigo, data segundo sinatura dixital

I . REUNIDOS

Dunha parte, Dna ANA ORTIZ ÁLVAREZ, con D.N.I. nº 34.940.450-T en calidade de Presidenta do Consorcio Casco Vello de Vigo, cargo para o que foi nomeada por resolución do 22 de xuño de 2023 da Conselleira de Medio Ambiente, de acordo co disposto no artigo 11 dos estatutos do Consorcio do Casco Vello de Vigo

E doutra, Dna MARÍA JOSÉ CARIDE ESTÉVEZ, con D.N.I. nº 36070137L en calidade de Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, conforme as atribucións da Presidencia da XMU delegadas por resolución do 04.07.2023 (BOPPO do 14.07.2023)

II INTERVEÑEN

A primeira, como arrendadora, en representación do Consorcio Casco Vello de Vigo, con domicilio en Vigo, con domicilio en Vigo, Rúa Ferrería 45 Baixo con CIF G-36958544, inscrito no Rexistro de Entidades Locais de Galicia coa referencia CO 2005/03. O CCVV réxese polos seus Estatutos publicados no DOGA nº 246 do 27 de decembro de 2012, dos que se transcriben os particulares seguintes: ... Artigo 2º. - Natureza. O consorcio regulado nestes estatutos constitúe unha entidade local de dereito público de carácter asociativo dotada de personalidade xurídica independente da dos seus membros, patrimonio propio, administración autónoma e tan ampla capacidade xurídica de dereito público e de dereito privado como requira a realización dos seus fins. O consorcio rexerese polos presentes estatutos e polo previsto na normativa específica que lle sexa de aplicación. . . . Artigo 4º. - Fins. - 1. O fin esencial do consorcio é levar a cabo, de acordo coas previsións do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do casco vello de Vigo, unha serie de actuacións e intervencións que contribúan ao proceso de recuperación da súa Área de Rehabilitación Integrada

(ARI), mediante a adquisición de terreos, ou mediante a adquisición de construcións para a súa posterior rehabilitación.... Artigo 6º. -Duración. 1. Sen prexuízo do disposto nestes estatutos sobre a súa disolución, o consorcio manterase vixente ata o 30 de decembro de 2017. Podera ser prorrogada a súa vixencia dentro dos seis meses anteriores a data da súa disolución, por tratarse do prazo legal de asistencia por convenio entre as partes. No dito convenio determinarase o período de prorroga e os efectos acordados para esta.... Artigo 10º. - Órganos. A estrutura organizativa do consorcio constitúena os seguintes órganos: a) Presidencia do Consorcio. b) Vicepresidencia, c) Consello de Administración. d) Comité Executivo, e) Xerencia. Artigo 12º. - Atribucións do presidente. Correspóndelle á presidencia do consorcio as seguintes atribucións: ... a) exercer a representación legal e institucional do consorcio ante calquera entidade ou institución de dereito público ou privado, así como persoa física ou xurídica e conferir as autorizacións de representación necesarias."

A segunda, como arrendataria, en representación do Concello de Vigo, con domicilio en Vigo, Rúa Praza do Rei s/n, CIF P3605700H, a Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Ferrería 45 baixo .36202 VIGO (Pontevedra). Tfno.: 986 442 638. Fax 986 442 639 – info@consorciocascovellovigo.org C.I.F.: G-36.958.544 Vivenda a quen lle corresponde a Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo , como organismo autónomo dotado de personalidade xurídica propia conta con obxecto e finalidade a xestión e execución en réxime de descentralización funcional, das competencias atribuídas ao Concello en materia urbanística co alcance e límites establecidos nos seus propios estatutos (BOPPO no 193 06/10/2010), para o que dispón de capacidade xurídica, patrimonio e tesourería propios, así como con autonomía de xestión.

Os devanditos estatutos establecen no artigo 2.B), que concretamente se refiren ás funcións instrumentais en materia de vivenda e solo, que á XMU lle corresponde, entre outras:

- A xestión, en colaboración co resto de departamentos do Concello de Vigo, das vivendas que son propiedade do Concello de Vigo. Así mesmo, a coordinación cos restantes departamentos municipais, organismos estatais e autonómicos con competencia en materia de necesidades de vivenda, para establecemento dun programa municipal de axudas a vivenda.
- A regulación e tramitación dos expedientes de realoxamento por actuacións urbanísticas.

As partes interveñen e recoñécense mutuamente capacidade e lexitimación para celebrar o contrato de ARRENDAMENTO, a cuxo fin:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

III EXPOÑEN

I. O Consorcio do Casco Vello de Vigo, é propietario do inmovible

Localización: Rúa Abeleira Menéndez 24-2ºA en Vigo

Superficie útil: 32,02 m²

Lindes: Fronte: Parede que o separa coa vivenda A do edificio. Espalda: Rúa San Sebastián.

Dereita: Parede medianeira que o separa do edificio de San Sebastián 28.
Esquerda: Rellano da escaleira do edificio.

Título: Declaración de obra nova e división horizontal, segundo resulta da certificación

administrativa autorizada polo Consorcio Casco Vello de Vigo o 04/03/2010

Inscripción rexistral : Tomo 1617, folio 39 Alta 1, finca 80,358 del Rexistro de la Propiedade nº 5 de Vigo

Referencia catastral: 2764117NG2726S0005DB

O arrendador declara baixo a súa persoal responsabilidade que o inmovible obxecto deste contrato atópase libre de cargas, gravames e arrendamentos.

II.- O día 08.08.2023 recibíuse da Area de Xestión Patrimonial e Territorial documento nº 230235984 presentado pola Xerencia Municipal do Concello de Vigo o 02/08/2023, onde manifesta o seu interese en alugar o inmovible baleiro de Abeleira Menéndez 24-2º A.

III.- Logo da tramitación do correspondente expediente mediante acordo do Consello de Administración de data 5 de outubro de 2023, se acordou adxudicar polo procedemento de ADXUDICACIÓN DIRECTA o arrendamento do local citado, ABELEIRA MENÉNDEZ, 24,2º-A ao Concello de Vigo. Dito acordo se adxunta como anexo I.

Unha vez adoptado o acordo de adxudicación, ambas partes acordan formalizar o presente contrato de ARRENDAMENTO.

IV.-CLÁUSULAS

PRIMERA.- Obxecto do contrato de alugueiro

O obxecto do alugueiro é a vivenda con dirección Rúa Abeleira Menéndez 24-2ºA en Vigo, de 32,02 m² de superficie útil, con referencia catastral: 2764117NG2726S0005DB e inscrita no Tomo 1617, folio 39 Alta 1, finca 80,358 no Rexistro de la Propiedade nº 5 de Vigo, para ser destinada a vivenda para familias en situación de vulnerabilidade.

Queda especialmente excluído do alugueiro o uso dos elementos comúns das fincas que non garden relación co contrato de arrendamento, tales como a fachada, partes laterais da entrada, as azotea, os vestíbulo de escaleira, os ascensores e as zonas recreativas.

O Concello de Vigo, no momento de asinar o contrato declarará coñecer e aceptar o estado da vivenda.

SEGUNDA.- PRAZO DE ALUGAMENTO

A duración da relación de arrendamento nos locais será de SETE anos.

Chegada a data de vencemento do contrato, o alugueiro poderá prorrogarse a solicitude do Concello de Vigo e mediante acordo expreso do CCVV. A solicitude de prórroga deberá formularse con un mes de antelación á data do vencemento do contrato.

No acordo que adopte o CCVV sobre a prórroga do contrato fixarase a renda a abonar polo arrendatario e, no seu caso a forma de actualización da mesma.

Transcorrido os primeiros 6 meses, cuxo prazo é de duración obrigatoria para o Concello de Vigo, este poderá rescindir o contrato anticipadamente, sen esperar á súa finalización, a condición de que o notifique de xeito que faga fe ao CCVV cun aviso previo mínimo dun mes de antelación á data de desaloxo, vindo obrigado a abonar o recibo de alugueiro ata a data de desaloxo e entrega de chaves.

Se transcorrido o prazo de duración do contrato nin o arrendatario nin o arrendador manifestaran expresamente a súa decisión de poñer fin ao arrendamento, este prorrogarase polo prazo de un ano, nas mesma condicións que rexían o contrato.

TERCERA.- RENUNCIA A INDEMNIZACIÓN

A parte arrendataria renuncia expresamente ao establecido polo artigo 34 da LAU, polo que a extinción do contrato polo transcurso do termo convido, non dará dereito ao arrendatario a indemnización algunha a cargo do arrendador.

CUARTA.- OBRIGAS DO CCVV

- Entregar a vivenda en bo estado de conservación e habitabilidade.
- Manter a vivenda en bo estado de conservación de acordo co disposto na lexislación reguladora dos arrendamentos urbanos de vivendas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

- Permitir ao Concello de Vigo o goce pacífico da vivenda, sen realizar actos que poidan perturbar a súa tranquilidade ou benestar.

QUINTA .- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO:PREZO E PAGAMENTO DA RENDA

O prezo do arrendamento fíxase en 1.922,00 euros anuais En dito importe non se inclúen os tributos estatais ou autonómicos que eventualmente graven o arrendamento.

O pagamento da renda realizarase por anualidades adiantadas, durante o mes de xaneiro, mediante transferencia bancaria á conta que a tal efecto indique o CCVV, na factura que presentará ao efecto.

O arrendatario abonará igualmente os correspondentes ao imposto sobre bens inmobles e a taxa pola recollida de lixo, que serán repercutidos polo CCVV

SEXTA.- REVISIÓN DA RENDA

A renda do presente contrato revisarase de conformidade coas resolucións da Administración Autonómica (IGVS) polas se fixan os prezos máximos renda das vivendas protexidas de protección autonómica de réxime especial, que periodicamente se publican no DOGA.

SÉTIMA.-GASTOS ASUMIDOS POLA ARRENDATARIA

- Os gastos derivados do presente contrato, tales como os correspondentes á xestión, rexistro, e no seu caso, os da súa elevación a escritura pública e inscrición no Rexistro da Propiedade.
- As cotas de ordinarias que xire a comunidade de propietarios do edificio.
- Os derivados do consumo de servizos que contén con contador individual, tales como os de auga, gas, enerxía ou teléfono.
- Os de reparación por un uso inadecuado da vivenda.

OITAVA.- DESTINO DA VIVENDA

A arrendataria está obrigada a destinar o inmovble a vivenda para familias en situación de vulnerabilidade. Dito destino non se poderá cambiar sen autorización previa do CCVV.

NOVENA.- USO DA VIVENDA POR TERCEIROS

O Concello de Vigo dará conta ao CCVV de calquera dos termos da autorización que realice para que un terceiro, en situación de vulnerabilidade, se aloxe na vivenda. En calquera caso o dereito de uso por parte dun terceiro extinguirase no momento en que finalice o contrato de arrendamento da vivenda a favor do Concello.

DECIMA.- OBRAS DO ARRENDATARIO

A arrendataria non poderá realizar na vivenda obras que modifiquen a súa configuración ou a de calquera dos seus accesorios, ou que provoquen unha diminución da estabilidade ou seguridade da mesma, sen o permiso da parte arrendadora expresado por escrito. A contravención desta cláusula será causa de resolución do presente contrato e o arrendador poderá esixir a reposición das cousas ao estado anterior. As obras autorizadas realizaranse a expensas da arrendataria e, ao termo do contrato, quedarán a beneficio da propiedade sen xerar dereito a indemnización algunha.

Todas as reparacións e obras que haxan de realizarse na vivenda como consecuencia do uso ordinario da vivenda serán por conta da arrendataria salvo as que legalmente lle correspondan ao arrendador.

UNDÉCIMA.- NORMAS DE CONVIVENCIA

A arrendataria comprométese e obriga expresamente durante toda a vixencia do contrato a:

- A destinar o inmovible a vivenda para familias en situación de vulnerabilidade. Dito destino non se poderá cambiar sen autorización previa do CCVV.
- A acatar e cumprir as normas da comunidade de propietarios, especialmente as de convivencia.

DUODÉCIMA.- CONDICIÓN RESOLUTORIAS DO ALUGUEIRO

- Mutuo acordo.
- Vencemento do prazo.
- Vontade do Concello, transcorridos al menos seis meses desde a sinatura do contrato.
- Perda física ou xurídica do ben.
- Falta de pagamento da renda anual.
- O cambio non autorizado de actividade.

DECIMO TERCEIRA .- ENTREGA DO LOCAL ARRENDADO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

O arrendatario declara coñecer plenamente as condicións urbanísticas do local, así como os usos administrativamente permitidos no mesmo, acepta o estado do local e o recibe en condicións idóneas para servir ao destino ofertado por aquel.

O arrendatario poderá concertar coas respectivas compañías subministradoras todos ou algún das subministracións dos que está dotado o inmovible, con total indemnidade do arrendador.

Os gastos por servizos individuais, mediante aparellos contadores, talles como luz, auga, teléfono ou gas, serán de conta exclusiva del arrendatario, así como a adquisición, conservación e reparación ou substitución dos contadores.

O arrendador queda exento de toda responsabilidade derivada de calquera subministración do local. Se houberse que realizar algunha modificación, tanto nas instalacións xerais como nas particulares do local arrendado, o seu custo será integramente a cargo do arrendatario, caso de que lle interese e desexe continuar coa subministración de que se trate. Previamente, deberá contar coa autorización da propiedade, á que haberá de presentar un informe e o proxecto de reformas que en cada caso deban realizarse.

O arrendatario é directa e exclusivamente responsable, e exime de toda responsabilidade á propiedade, polos danos que poidan ocasionarse a persoas ou cousas e sexan derivadas de instalacións para servizos e subministracións do local arrendado.

DECIMO CUARTA.- DEVOLUCIÓN DO LOCAL

No momento da finalización do contrato, o arrendatario deberá reintegrar ó arrendador as chaves do local e, se non o fixera, serán do seu cargo, todos os gastos que ocasione á mesma para recuperar a posesión do local, fora cal fora a natureza dos mesmos.

DECIMO QUINTA.- DESIGNACIÓN DE DOMICILIO PARA NOTIFICACIÓN

A efectos da aplicación eventual do artigo 155.3 da Lei de axuizamento, o adxudicatario designa como lugar para recibir notificacións a Sede Electrónica da Xerencia Municipal de Urbanismo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=cas>, sen necesidade de ulterior pescuda.

DECIMO SEXTA.- DANOS.

A parte arrendataria faise directa e exclusivamente responsable de cantos danos poidan ocasionarse a terceiras persoas ou cousas como consecuencia directa ou indirecta do do uso da vivenda

DECIMO SÉTIMA.- RENUNCIA A CESIÓN, SUBARRENDO E TRASPASO E DEREITOS DE ADQUISICIÓN PREFERENTE.

O arrendatario renuncia expresamente ao seu posible dereito de traspaso do local, a ceder ou subarrendar total ou parcialmente o local de negocio, obxecto do presente contrato, así como aos dereitos de tenteo e retracto que no seu caso poidan corresponderlle no alleamento do local arrendado.”

7.- En data 26/01/2024 dende o Área de Xestión Patrimonial, da Concellería de Patrimonio do Concello de Vigo, remiten dilixencia na que se sinala a partida orzamentaria (9200202000) que asumirá o pago do prezo do arrendamento, que queda fixado en 1.922,00 € anuais, ao abeiro do recollido na cláusula quinta do devandito contrato.

8.- O Consello da XMU en sesión ordinaria celebrada en data 06/02/2024, aproba o contrato de alugueiro do inmovible referenciado, coa finalidade de destinalo a aluguer social.

II. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA)
- RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)
- Lei 9/2017. do 8 de novembro de Contratos del Sector Público (LCSP)
- RDL 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo Rehabilitación Urbana (TRLS)
- Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Real Decreto 1372/1896, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL)
- Real Decreto 1373/2009, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da LPAP (RXLPAP).
- Código Civil, do 24 de xullo de 1889.
- Estatutos da XMU (BOP nº 193 do 06/10/2010).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Recolle o artigo 25.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como “avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social”, tratándose dun servizo obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes.

Os servizos sociais municipais, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, de acordo cos principios da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

Por outra banda, a Xerencia Municipal de Urbanismo, como organismo autónomo dotado de personalidade xurídica propia conta con obxecto e finalidade a xestión e execución en réxime de descentralización funcional, das competencias atribuídas ao Concello en materia urbanística co alcance e límites establecidos nos seus propios estatutos (BOPPO nº 193 06/10/2010), para o que dispón de capacidade xurídica, patrimonio e tesourería propios, así como con autonomía de xestión.

Os devanditos estatutos establecen no artigo 2.B), que concretamente se refiren ás funcións instrumentais en materia de vivenda e solo, que á XMU lle corresponde, entre outras:

- A xestión, en colaboración co resto de departamentos do Concello de Vigo, das vivendas que son propiedade do Concello de Vigo. Así mesmo, a coordinación cos restantes departamentos municipais, organismos estatais e autonómicos con competencia en materia de necesidades de vivenda, para establecemento dun programa municipal de axudas a vivenda.
- A regulación e tramitación dos expedientes de realoxamento por actuacións urbanísticas.

En cumprimento das súas competencias e tendo en conta que na actualidade existe demanda de aloxamento residencial de familias en situación grave de vulnerabilidade social - sobre todo nas últimas semanas, sucedéndose sendos desaloxos debido ao precario estado de conservación de dous inmobles na cidade-, non contando con dispoñibilidade de vivendas municipais libres e asumindo a seria dificultade de encontrar no mercado libre vivendas destinadas a tales usuarios, considérase procedente asinar o presente contrato de aluguer, para adxudicalo conforme á política municipal de vivenda que xestiona a XMU.

Como mais arriba quedou dito, o obxecto do presente expediente, versa sobre a vivenda de 32,02 m², correspondente á letra A do segundo andar do edificio existente no número 24 da rúa Abeleira Menéndez da cidade de Vigo, con referencia catastral 2764117NG2726S0005DB. Consta inscrita como tal no Rexistro da Propiedade nº5 de Vigo, como finca número 80358.

Competencia

Así mesmo en cumprimento do disposto no artigo 127 da LBRL, compete á Xunta de Goberno Local (XGL), entre outras, o desenvolvemento da xestión económica, autorizando gastos e dispoñendo gastos en materia da súa competencia.

Por canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobado o clausulado do contrato de aluguer proposto polo Consorcio do Casco Vello de Vigo, no expediente de referencia (recollido no punto sexto dos antecedentes).

SEGUNDO: Autorizar o gasto por importe de 1.922,00 euros anuais (7 anos), con cargo á partida do Orzamento do Concello de Vigo número 9200202000, en concepto de arrendamento ao Consorcio de Casco Vello de Vigo do inmovible sito no segundo andar, letra A do número 24 da rúa Abeleira Menéndez da cidade de Vigo.

Consta acordo do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 6/02/2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(119).- ACTUALIZACIÓN ESTRUCTURA SALARIAL DO PERSOAL TRABALLADOR BENEFICIARIO E TÉCNICO XESTOR DO “ACORDO MARCO DE REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS SOCIOLABORAIS DAS CONTRATACIÓNS NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO” PARA O ANO 2024. EXPTE. 20730/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 28/02/2024 e o informe-proposta do 26/02/2024, asinado pola xefa de Desenvolvemento local e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

I. O *Acordo marco de regulación das condicións socioeconómicas das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007*, que se atopa prorrogado para o presente ano, reflicte nos artigos 1º Contratos e retribucións (para traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego) e 9º Contratos e retribucións (para técnicos/as e xestores/as) que *as retribucións actualizaranse en función do IPC previsto para cada ano*.

II. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 5 de marzo do 2021, adoptou o acordo de “Actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiario/as e técnicos-xestores, do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” que continúa vixente ao non constar denuncia do mesmo (Expdte.**18014/77**), dacordo co reflectido na táboa publicada no BOP nº 61 do 31 de marzo de 2021, en aplicación do incremento do 0,9% en relación ás retribucións do persoal contratado con cargo aos programas de emprego en virtude da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021.s *mesmos*.

III. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 21 de outubro do 2021, adoptou o acordo de “Actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiario/as do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” (Expdte.**18714/77**), derivadas da entrada en vigor Real Decreto 817/2021, de 28 de setembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2021, que establece no seu Art. 1º a Contía do SMI (que queda fixado en 32,17 euros/día ou 965 euros/mes, segundo o salario estea fixado por días ou por meses), aplicando unha suba con efectos desde o 01/09/2021 a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios.

IV. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2022, adoptou o acordo de “Actualización das táboas de retribucións do “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” (Expdte.**18945/77**) derivadas da entrada en vigor da Lei 22/2021, do 28 de decembro, polo que se aproban medidas en materia de retribucións no ámbito do sector público, aplicando unha suba do 2% con efectos desde o 01/01/2022, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores, respectivamente.

V. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 25 de marzo de 2022, adoptou o acordo de “Actualización das táboas de retribucións do persoal traballador do ‘Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” (Expdte. **19004-77**), prorrogado o ano 2022, debido a entrada en vigor do Real Decreto 152/2022, de 22 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2022, que establece no seu Art. 1 a Contía do SMI, aplicando unha suba con efectos dende o 01/01/2022, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios.

VI. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2023, adoptou o acordo de “Actualización das táboas de retribucións do persoal traballador do ‘Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” (Expdte. **19925-77**), prorrogado o ano 2023, debido á entrada en vigor da

“Resolución de 24 de octubre de 2022, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 1,5 por ciento previsto en el artículo 23 del Real Decreto-ley 18/2022, de 18 de octubre, por el que se aprueban medidas de refuerzo de la protección de los consumidores de energía y de contribución a la reducción del consumo de gas natural en aplicación del "Plan + seguridad para tu energía (+SE)", así como medidas en materia de retribuciones del personal al servicio del sector público y de protección de las personas trabajadoras agrarias.”, á “Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023” e ao “Real Decreto 99/2023, de 14 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2023”, para establecer os salarios correspondentes ao ano 2023, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Actualización

No BOE nº 308, de 24 de decembro de 2022, publícase a Lei 31/2022, de 23 de decembro, de “Presupuestos Generales del Estado para el año 2023.” no Título III desta Lei de Orzamentos Xerais do Estado rubrícase como «Dos gastos de persoal», e estrutúrase en tres capítulos. No Capítulo I, tras definir o que constitúe o «sector público» para estes efectos, trata dos gastos do persoal coa previsión xeral de que no ano 2023, as retribucións do persoal ao servizo do sector público terán un incremento do 3,5 por cento coa seguinte desagregación:

- a) 2,5 por cento de incremento fixo e
- b) dúas cláusulas de revisión do 0,5 por cento cada unha. A primeira vinculada ao Índice de Prezos ao Consumo Harmonizado (IPCA) e a segunda ao Produto Interior Bruto (PIB) nominal.

Polo que, neste caso, procede o incremento salarial das dúas cláusulas de revisión do 0,5 por cento cada unha:

- No BOE nº 239, de 06 de outubro de 2023, publícase a ‘Resolución de 5 de octubre de 2023, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 0,5 por ciento vinculado a la evolución del IPCA previsto en el artículo 19.Dos.2.a) de la Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023’, co 0,5% de subida adicional como consecuencia da evolución do IPC armonizado (IPCA);

- No BOE nº 34, de 08 de febreiro de 2024, publícase a ‘Resolución de 7 de febrero de 2024, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros de 06/02/2024, por el que se aprueba el incremento del 0.50 % en las retribuciones del personal al servicio del sector público en aplicación de lo previsto en el artículo 19.Dos.2.b) de la Ley 31/202, de 23/12, de PGE para el año 2023.’

No BOE nº 33, de 07 de febreiro de 2024, publícase o ‘Real Decreto 145/2024, de 6 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2024.’



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

Tendo en conta estas tres disposicións, procede a actualización das táboas salariais na categoría de persoal traballador beneficiario segundo os importes e desglose recollidos, segundo categoría profesional, así como para a categoría de Técnicos e xestores. Estas táboas inclúense no Anexo I deste informe.

De conformidade con anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da Lei 57/2003 de Medidas para a modernización do Goberno Local, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución Alcaldía 19/06/23, BOPPO nº 123 do 27/06/23), nos termos das delegacións competenciais efectuadas na Resolución de Delegación de Competencias de Alcaldía de 19 de xuño de 2023, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Actualizar, de conformidade coa motivación anteriormente exposta, as retribucións do persoal traballador beneficiario e técnico e xestor, incluídas nas táboas salariais do "*Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007*", prorrogado para o presente ano, derivadas da entrada en vigor da "Resolución de 5 de outubro de 2023, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 0,5 por ciento vinculado a la evolución del IPCA previsto en el artículo 19.Dos.2.a) de la Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023", co 0,5% de subida adicional como consecuencia da evolución do IPC armonizado (IPCA)", así como a "Resolución de 7 de febrero de 2024, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros de 06/02/2024, por el que se aprueba el incremento del 0.50 % en las retribuciones del personal al servicio del sector público en aplicación de lo previsto en el artículo 19.Dos.2.b) de la Ley 31/202, de 23/12, de PGE para el año 2023" e do "Real Decreto 145/2024, de 6 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2024", para establecer os salarios correspondentes a este ano 2024, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores, respectivamente, tal e como se amosa nas táboas que se inclúen no Anexo I deste expediente.

SEGUNDO: Dar conta do presente acordo á Área de RRHH e Formación, á Tesourería Municipal, á Asesoría Xurídica Municipal e á Intervención Xeral Municipal, e ordenar a publicación da táboa salarial actualizada no portal de transparencia, na web municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da

Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

Táboas retributivas do persoal acollido ao "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", derivadas da entrada en vigor da da "Resolución de 5 de outubro de 2023, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 0,5 por ciento vinculado a la evolución del IPCA previsto en el artículo 19.Dos.2.a) de la Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023', co 0,5% de subida adicional como consecuencia da evolución do IPC armonizado (IPCA)", así como a "Resolución de 7 de febrero de 2024, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros de 06/02/2024, por el que se aprueba el incremento del 0.50 % en las retribuciones del personal al servicio del sector público en aplicación de lo previsto en el artículo 19.Dos.2.b) de la Ley 31/202, de 23/12, de PGE para el año 2023" e do "Real Decreto 145/2024, de 6 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2024", para establecer os salarios correspondentes a este ano 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

BENEFICIARIOS:

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado
Licenciado	1.970,81	328,47	2.299,28	2.299,28	84/a	33,18	762,90	3.062,18
Diplomado	1.681,44	280,24	1.961,68	1.961,68	84/a	33,18	650,89	2.612,57
Xefe administrativo	1.341,18	223,53	1.564,71	1.564,71	84/a	33,18	519,17	2.083,88
Delineante	1.341,18	223,53	1.564,71	1.564,71	84/-	33,33	521,52	2.086,23
Técnico Auxiliar PRL	1.341,18	223,53	1.564,71	1.564,71	84/-	33,33	521,52	2.086,23
Capataz-construcción.	1.341,18	223,53	1.564,71	1.564,71	84/d	38,38	600,54	2.165,25
Auxiliar topógrafo	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/-	33,33	444,04	1.776,29
Oficial albanel	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/d	38,38	511,32	1.843,57
Oficial carpintería metálica.	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/d	38,38	511,32	1.843,57
Oficial carpintería aluminio	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/d	38,38	511,32	1.843,57
Oficial carpintería madeira	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/d	38,38	511,32	1.843,57
Oficial conducción	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/f	38,38	511,32	1.843,57
Oficial desinfección	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/g	35,28	470,02	1.802,27
Oficial electricista	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/d	38,38	511,32	1.843,57
Oficial fontaneiro	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/d	38,38	511,32	1.843,57
Oficial mecánico de maquinaria	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/d	38,38	511,32	1.843,57
Oficial pintor	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/d	38,38	511,32	1.843,57
Oficial xardinaría	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/g	35,28	470,02	1.802,27
Auxiliar administrativo	1.134,00	189,00	1.323,00	1.323,00	84/a	33,18	438,97	1.761,97
Peón construcción	1.134,00	189,00	1.323,00	1.323,00	84/d	38,38	507,77	1.830,77
Peón xardinaria-forestal.	1.134,00	189,00	1.323,00	1.323,00	84/g	35,28	466,75	1.789,75

TÉCNICOS E XESTORES:

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado
Titulado superior	2.583,97 €	430,66 €	3.014,63 €	3.014,63 €	84	33,33	1.004,78 €	4.019,40 €
Titulado medio	2.084,28 €	347,38 €	2.431,66 €	2.431,66 €	84	33,33	810,47 €	3.242,14 €
Experto docente	1.917,69 €	319,61 €	2.237,30 €	2.237,30 €	84	33,33	745,69 €	2.982,99 €
Oficial administrativo	1.418,03 €	236,34 €	1.654,37 €	1.654,37 €	84	33,33	551,40 €	2.205,78 €

11(120).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO 2024-2028. Expte. 10119/113.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 29/02/2024, dáse conta do informe-proposta do 28/02/2024, asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática, xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 30/11/2023 o Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciaron o expediente coa finalidade da contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 30/11/2023 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 16/02/2024 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Memoria económica do contrato de data 20/02/2024, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) e Anexo 1 de data 20/02/2024 asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 26/02/2024, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27/02/2024, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 28/02/2024.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 23/11/2023 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 30/11/2023 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 16/02/2024 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Memoria económica do contrato de data 20/02/2024, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) e Anexo 1 de data 20/02/2024 asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

- Memoria xustificativa do contrato de data 26/02/2024, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27/02/2024, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 28/02/2024.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **362.500,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **62.913,22 €**, dende o 1 de xullo de 2024, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	Total
2024	SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS	9200.2220000	299.586,78 €	62.913,22 €	362.500,00 €

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **2.537.500,00 €** (IVE incluído), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	Total
2025	SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS	9200.2220000	599.173,55 €	125.826,45 €	725.000,00 €
2026	SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS	9200.2220000	599.173,55 €	125.826,45 €	725.000,00 €
2027	SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS	9200.2220000	599.173,55 €	125.826,45 €	725.000,00 €
2028	SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS	9200.2220000	299.586,78 €	62.913,22 €	362.500,00 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(121).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE ANIMAIS EXTRAVIADOS E ABANDONADOS, ATENCIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS, XESTIÓN DE COLONIAS FELINAS, RESES MOSTRENCAS E OUTROS ANIMAIS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. Expte. 16565/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 29/02/2024, dáse conta do informe-proposta do 28/02/2024, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes de feito

O Concello de Vigo ten subscrito un convenio de colaboración coa Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo, para a recollida, albergue, custodia, coidado e alimentación de animais abandonados, vagabundos ou extraviados, confiscados ou retirados pola autoridade competente que se alberguen nas instalacións municipais do monte de A Madroa, o cal foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 19/02/2021 e formalizado en documento administrativo o 23/02/2021 (expte. 14995/306). A súa duración é de tres anos, con entrada vigor o día 1/03/2021, e posibilidade de prórroga. A Xunta de Goberno Local en sesión do 9/02/2024, aprobou a prórroga de forma expresa polo prazo máximo dun ano (dende o 01/03/2024 ata 28/02/2025) do citado convenio ou ata o día anterior de inicio de vixencia do presente contrato maior en tramitación (expediente 16565/306), se este prazo fose inferior ó ano.

O novo marco normativo regulador da materia obxecto do contrato constituído pola Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais (BOE 29/03/2023, entrada en vigor o 29/09/2023), atribúe novas e máis amplas obrigas ós Concellos en materia de animais de compañía que esixen un maior dimensionamento da xestión do Centro Municipal de Recollida de Animais Abandonados e das Colonias felinas.

Por outra banda, o número de cans inscritos no REGIAC no Concello de Vigo, máis 39.000; o número de colonias felinas da cidade máis de 160 con máis de 7.000 gatos esterilizados nos últimos anos, o número flotante de animais no Centro Municipal de Recollida de Animais Abandonados de A Madroa (Centro Municipal de Protección Animal, segundo a nova lei), 240 cans e 140 gatos mensualmente, xeran un importante volume de traballo para cumprir coas obrigas municipais esixidas na lexislación vixente.

Tamén, se estima conveniente que todas as obrigas municipais relativas a animais se presten nun só contrato administrativo, que facilite o control do servizo, mellore a eficacia e eficiencia



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

no servizo público, sen prexuízo da colaboración das entidades de protección animal nos ámbitos que se consideren axeitados: voluntariado, sensibilización

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable ao abeiro do establecido no artigo 116.1., Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), acordo de delegación de competencia da Xunta de Goberno Local de data 05 de novembro de 2020, resolveu en data 31 de marzo de 2023, iniciar o procedemento administrativo maior para a contratación dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do centro municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais competencia municipal e ordenar a redacción e incorporación ao expediente dos documentos que sinala o artigo 116 da LCSP e demais que legalmente proceda de conformidade coa citada norma (expte. 16565/306).

O prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) redactado polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, conformado pola concelleira delegada de Área, foi asinado dixitalmente en data en data 15/02/2024, ao que se lle incorporan catro anexos doutros técnicos:

- Anexo 1 Estudo técnico das instalacións do Centro Municipal de Recollida de Animais Abandonados redactado polos enxeñeiros M^a del Carmen Martínez Santorio e Marcos Núñez Garrido da entidade Geourban Ingeniería Ambiental y Urbanismo, S.L., asinado dixitalmente o 07/09/2023.

- Anexo 2 Informe técnico zoosanitario da veterinaria, María Teresa Pérez Diéguez, colexiada 972 C.O.V. de Pontevedra, da clínica Cuatro Patas Clínica Veterinaria, S.L.U., asinado dixitalmente o 23/10/2023

- Anexo 3 datos da ocupación actual do Centro e de esterilizacións de colonias felinas, asinado dixitalmente polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 15/02/2024,

- Anexo 4 relación orientativa de colonias felinas, asinada dixitalmente polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 15/02/2024.

A memoria económica do contrato redactada polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, conformado pola concelleira delegada de Área, foi asinada dixitalmente en data 15/02/2024.

A Dirección Superior Contable e Orzamentación emitiu documento contable de RC núm. 5031/2024 e RCFUT1 5032/2024, con cargo a partida orzamentaria 1721.227.99.07 xestión refuxio animais.

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e o técnico de Administración xeral do Servizo de Medio Ambiente asinan dixitalmente a memoria económica deste contrato en data 20/02/2024.

Aa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos redactou o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares sendo asinado dixitalmente o 27/02/2024.

II.- Fundamentos de dereito

a) Competencia municipal

Os artigos 2.1 e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL), en relación coa Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (en adiante, LPBACG), establece como obrigas municipais:

- “Artigo 6. Competencias das administracións en materia de protección animal

1. Atribúese ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei en cadanseu termo municipal. (...).”

- “Artigo 22. Recollida e acollemento dos animais vagabundos e extraviados

1. Os concellos recollerán os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal e albergaranos en centros de recollida de animais abandonados inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos ata que sexan retirados polos seus propietarios ou propietarias, sexan acollidos temporalmente ou adoptados, ou ben se lles dea outro destino autorizado segundo os supostos establecidos nesta lei.

2. Os concellos poderán prestar o servizo de recollida e acollemento por si mesmos ou asociados, en réxime de xestión directa ou indirecta. Así mesmo, poderán subscribir convenios de colaboración nesta materia con outras administracións públicas e entidades, como as asociacións de protección e defensa dos animais.

3. Os concellos poderán recoller e acoller animais por solicitude das persoas propietarias deles, logo da xustificación por parte destas da imposibilidade da asunción das obrigas derivadas desta lei. (...).”

- “Artigo 26. Colonias felinas

1. Os concellos poderán establecer, conforme ás condicións e os requisitos que se determinen regulamentariamente, lugares destinados a colonias felinas controladas, como un posible destino das comunidades de gatos sen propietario ou propietaria que vivan na rúa, sempre que as condicións do contorno o permitan, co fin da súa protección e control poboacional.

2. Os gatos integrantes destas colonias deberán ser capturados para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario. A identificación realizarase a nome do concello, ao que lle compete a vixilancia e o control sanitario destas poboacións.”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

A Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais (BOE 29/03/2023), establece:

- "Artigo 22. Recollida e atención de animais.

1. *Corresponderá aos concellos a recollida de animais extraviados e abandonados e o seu aloxamento nun centro de protección animal. Para iso deberán contar cun servizo de urxencia para a recollida e atención veterinaria destes animais, dispoñible as vinte e catro horas do día. Esta xestión poderá realizarse directamente polos servizos municipais competentes ou por entidades privadas, sen prexuízo de que, sempre que sexa posible, realícese en colaboración con entidades de protección animal.*

Nos termos que estableza a lexislación autonómica, poderá derivarse esta responsabilidade ás agrupacións de municipios, ou, no seu caso, ás deputacións provinciais e forais, cabidos e consellos insulares ou ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla.

2. *Para levar a cabo esta xestión e coidados, os municipios deberán de contar cun servizo propio, mancomunado ou concertado, nos termos establecidos no artigo 23.*

3. *As poboacións que non dispoñan de medios propios para exercer a súa competencia para a recollida e o mantemento dos animais poderán subscribir convenios de colaboración con centros mancomunados, pertencentes a outras administracións ou contratados, que cumprirán as condicións mínimas reguladas na presente lei. Neste caso dispoñeráse dunha instalación temporal municipal para albergar aos animais ata a súa recollida polo servizo correspondente, que reúna os requisitos de espazo, seguridade e condicións para o benestar dos animais aloxados temporalmente.*

4. *En ausencia doutra previsión na lexislación autonómica, corresponde á Administración local e, subsidiariamente, á autonómica a xestión e coidados dos animais desamparados ou cuxos titulares non poidan atendelos debido a situacións de vulnerabilidade, sen prexuízo de que poidan contar coa colaboración de entidades de protección animal debidamente rexistradas.*

5. *As entidades locais antepoñerán o control poboacional non letal da fauna urbana nos seus plans de actuación en materia de protección animal garantindo os dereitos dos animais."*

"Colonias felinas:

Artigo 38. Principios xerais.

1. *As normas contidas no presente capítulo teñen por obxecto o control poboacional de todos os gatos comunitarios, co fin de reducir progresivamente a súa poboación mantendo a súa protección como animais de compañía.*

2. *Para os efectos previstos no apartado anterior, será obrigatoria a identificación mediante microchip, rexistrada baixo a titularidade da Administración local competente, e a esterilización cirúrxica de todos os gatos comunitarios.*

Artigo 39. Funcións da Administración local.

1. En ausencia doutra previsión na lexislación autonómica, e respectando o ámbito competencial establecido pola lexislación vixente, corresponde ás entidades locais a xestión dos gatos comunitarios, a cuxos efectos deberán desenvolver Programas de Xestión de Colonias Felinas (...).

Tamén, o Decreto 142/2012, do 14 de xuño, polo que se establecen as normas de identificación e ordenación zosanitaria dos animais equinos en Galicia, establece obrigas aso Concello en relación cos équidos soltos e mostrencos nos seguintes termos:

“Artigo 26. Detección ou captura dos équidos en liberdade

1. A detección ou captura de équidos en liberdade no contorno dun espazo agrícola ou forestal, núcleo de poboación ou estrada, en situación de provocar un dano efectivo, comunicarase á autoridade municipal competente, con indicación expresa da identidade e dos datos de contacto da persoa ou entidade que os detectou ou capturou, da localización exacta da detección ou captura, do número de animais detectados ou capturados, da presenza sobre eles dalgún tipo de carácter distintivo e da relación de danos que se lles atribúen, cando proceda.

*2. A autoridade municipal competente avaliará a comunicación e ordenará, segundo proceda, a captura, traslado, mantemento e custodia dos équidos nunha área ou dependencia habilitada para tal fin. Para estes efectos, a autoridade municipal competente poderá utilizar as instalacións dispostas para o manexo dos animais nas explotacións equinas extensivas existentes no seu ámbito territorial ou limítrofe.
(...)”*

Por último, o Regulamento para a administración e réxime de reses mostrencas de 25/04/1905, atribúe competencias ós Concellos en relación cos estas.

A Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude ten atribuído en materia de medio ambiente, por delegación do alcalde de data 03/07/2023, BOPPO 14/07/2023, a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais do termo municipal, a responsabilidade do servizo de recollida dos animais abandonados, e calquera outra atribución relativa ós animais domésticos e salvaxes en catividade. Tamén, as atribucións que corresponden a esta Alcaldía en relación coas reses mostrencas dentro do termo municipal.

Os servizos obxecto do contrato de competencia municipal concréntanse na recollida de animais extraviados e abandonados, atención do centro municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais competencia municipal

A extensión das necesidades a satisfacer determínanse detalladamente no prego de prescricións técnicas e céntranse, fundamentalmente, na protección e benestar dos animais.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

b) Contratación dos servizos

De acordo co artigo 116 da LCSP a realización de contratos por parte das Administracións públicas requirirá da previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da Lei. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares, o de prescricións técnicas, certificado de existencia de crédito. Tamén, haberá de xustificarse axeitadamente as determinacións que sinala o apartado 4 do citado precepto.

A documentación anteriormente citada incorporouse ao presente expediente de contratación tal e como se sinala nos antecedentes de feito deste informe.

O prego de cláusulas administrativas particulares regula un contrato administrativo de servizos cuxo obxecto é “a prestación dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do centro municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais de competencia municipal do Concello de Vigo”, que prevé o artigo 17 e 25.1.a) da LCSP, suxeito a regulación harmonizada e susceptible de recurso especial en materia de contratación (artigos 22 e 44 da LCSP) .

O procedemento de adxudicación será o ABERTO e forma de tramitación a ORDINARIA conforme ó establecido no artigo 156 da LCSP.

O prazo de execución de contrato é de tres anos, con posibilidade de dúas prórrogas de un ano cada unha.

O contrato non se divide en lotes tal e como se xustifica na memoria xustificativa obrante no expediente.

Os criterios de valoración sinalados no PCAP, debidamente xustificados, para a adxudicación deste contrato sono por unha multiplicidade de criterios. Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato dáse máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato se poden valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de formulas concretas. Establécese a aplicación dun 60% dos criterios de adxudicación a criterios avaliábles a través de fórmula e un 40% a través de criterios avaliábles a través de xuízo de valor.

O orzamento do contrato xustifícase na memoria económica incorporada ó expediente e da cal resulta:

- o orzamento base de licitación (IVE engadido) é de 2.190.749,36 euros
- o IVE a soportar pola administración (21%) é de 380.212,70 euros
- o valor estimado do contrato é de 3.047.663,58 euros
- As anualidades orzamentarias con IVE previstas do contrato segundo a data de inicio establecida do 01/06/2024, son:

	Importe sen IVE	IVE	Importe con IVE
Ano 2024	343.672,01 €	72.171,12 €	415.843,13 €
Ano 2025	597.125,70 €	125.396,40 €	722.522,10 €
Ano 2026	612.004,19 €	128.520,88 €	740.525,07 €
Ano 2027	257.734,76 €	54.124,30 €	311.859,06 €
Total	1.810.536,66 €	380.212,70 €	2.190.749,36 €

O gasto imputarase á partida orzamentaria 1721.227.99.07 xestión refuxio animais.

A Dirección Superior Contable e Orzamentación emitiu os correspondentes documentos contables de retención de crédito.

O artigo 117 da LCSP establece que completado o expediente de contratación, dítase resolución motiva polo órgano de contratación aprobando este e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

A aprobación do expediente de contratación e a adxudicación do contrato corresponderá á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (Disposición adicional segunda, apartado 4, da LCSP).

A aprobación do expediente de contratación irá precedido dos informes favorables da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención municipal ao abeiro do disposto na Disposición adicional terceira, apartados 3 e 8, da LCSP.

Polo exposto, unha vez emitidos os preceptivos informes da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobado o expediente de contratación para a prestación do servizo de “recollida de animais extraviados e abandonados, atención do centro municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais de competencia municipal do Concello de Vigo”, expte. 16565/306.

SEGUNDO.- Aprobado o prego de prescricións técnicas particulares, asinado dixitalmente polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 15/02/2024, ao que se lle incorporan catro anexos que se relacionan nos antecedentes deste acordo.

TERCEIRO.- Aprobado o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 27/02/2024.

CUARTO.- Autorizar o gasto de 415.843,13 € (IVE 21% engadido) para o ano 2024; sendo o importe do gasto (IVE 21% engadido) de 722.522,10 € para o ano 2025, 740.525,07 € para o ano



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

2026, 311.859,06 € para o ano 2027 subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con cargo á partida orzamentaria 1721.227.99.07 xestión refuxio animais. O Importe do contrato é de 2.190.749,36 € co IVE do 21% incluído (1.810.536,66 € sen IVE, máis 380.212,70 € correspondentes de IVE).

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(122).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECÁNICAS E DE ILUMINACIÓN PÚBLICA VIARIA DO CONCELLO DE VIGO. Expte. 6973/241.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 29/02/2024, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola letrada-titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto de servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo(PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento por procedemento aberto de servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 25 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e a apertura do procedemento de licitación para a contratación de servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo.

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 1 de setembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) (A-08001182) – ELEUKON GLOBAL, S.L.U. (B-27.775.063) o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (52.198-444) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 6.607.247,91 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.146.712,45 euros, co seguinte detalle:*

Concepto	Prezo total	Cota IVE
Parte fixa	5.812.427,09 €	1.008.768,34 €
Parte variable	794.820,82 €	137.944,11 €
Total	6.607.247,91 €	1.146.712,45 €

- b) *Oferta como minoración das porcentaxes dos “gastos xerais” e “beneficio industrial” fixados no PPTP de aplicación os prezos unitarios para as actuacións programadas (anexo II do PPTP), os seguinte valores:*

- *(BGG%): 3% unidades porcentuais para a minoración dos “Gastos Xerais” definido no PPTP de aplicación os prezos unitarios do PPTP.*
- *(BBI%): 1% unidades porcentuais para a minoración do “Beneficio Industrial” definido no PPTP de aplicación os prezos unitarios do PPTP.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 4 de outubro de 2022 e a súa execución iniciouse 1 de novembro do mesmo ano. Ten unha duración inicial de 26 meses (do 1 de novembro de 2022 ao 31 de decembro de 2024) e están previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha

Cuarto.- O 22 de xaneiro de 2024 a sra. enxeñeira Industrial do servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético, responsable do contrato, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor de necesidade de incorporar ao contrato o mantemento das instalacións do túnel do eixo 13 das obras de "REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.K. 5+000 DA AUTOPISTA AP-9 DE VIGO", cuxo mantemento será competencia do concello unha vez rematado o prazo de garantía o vindeiro 3 de marzo de 2024. Este informe foi complementado en data 28 de febreiro para corrixir unha das táboas.

Quinto.- Con data 21 de febreiro de 2024 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o 22 de febreiro de 2024.

Sexto.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta, en escrito de 22 de febreiro de 2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato debido a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias (apartado 15.C da FEC):

1. En relación as actuacións a executar por prezos unitarios, cando exista un deterioro ou necesidade inaprazable cuxa execución exceda o importe previsto para a anualidade do contrato en curso.
2. Un incremento do inventario de infraestruturas obxecto do contrato pola Incorporación de espazos, instalacións ou equipamentos non incluídos inicialmente no contrato e dentro do ámbito competencial do Concello de Vigo e directamente relacionados co obxecto do contrato, de acordo coas seguintes condicións:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

- Nas instalacións de alumeadado público cando o incremento do no de puntos de luz do inventario superen o 5% dos contemplados no Anexo I do PPTP ou a contemplada no derradeiro inventario aprobado.
- Nas instalacións de túneles, pasos inferiores e galerías cando as mesmas se incrementen, e a potencia instalada a maiores supere nun 2 % a potencia existente que consta no Anexo I do PPTP ou a contemplada no derradeiro inventario aprobado.
- Nas instalación de fontes ornamentais cando as mesmas se incrementen, e a potencia instalada a maiores supere nun 4% a potencia existente que consta no Anexo I do PPTP ou a contemplada no derradeiro inventario aprobado.
- Nas instalacións de enerxía eólica e solar fotovoltaica, cando as mesmas se incrementen, e a potencia instalada a maiores supere nun 4% a potencia existente que consta no Anexo I do PPTP ou a contemplada no derradeiro inventario aprobado.
- Nos elementos eléctricos instalados en vía pública (pantallas led, etc) cando os mesmos se incrementen, e a potencia instalada a maiores supere nun 4% a potencia existente que consta no Anexo I do PPTP ou a contemplada no derradeiro inventario aprobado.

Sinalando como aspectos a modificar unicamente “o importe do orzamento do contrato” (apartado 15.B da FEC) establecéndose como límite da modificación o “20% do prezo do contrato (parte fixa mais parte variable)” (apartado 15.D da FEC) e como especialidades, as seguintes:

- Non terán consideración de modificación as variacións das referencias en relación o incremento de elementos adscritos ao contrato mentres non superen os porcentaxes establecidos anteriormente.
- Para a modificación do contrato o adxudicatario, a petición do Concello de Vigo, deberá proceder a realizar un estudo de necesidades derivadas do obxecto da modificación, na cal deberá establecer o alcance das novas necesidades en relación os medios necesarios para a súa correcta aplicación, tendo en conta un criterio de proporcionalidade en función da estrutura ofertada, co obxecto de propoñer o incremento de medios, así como custe económico da modificación, o cal estará xustificado en base o importe da oferta para o ano en curso, así como aos cadro de prezos incluídos nos anexos do PPT.

A modificación obxecto deste informe vén motivada por un incremento do inventario de infraestruturas obxecto do contrato pola Incorporación de espazos, instalacións ou equipamentos non incluídos inicialmente no contrato e dentro do ámbito competencial do Concello de Vigo e directamente relacionados co obxecto do contrato. En concreto, con relación a incorporación dos túneis, como no caso que nos ocupa, debe cumprir as seguintes condicións: que a potencia instalada a maiores supere nun 2 % a potencia existente que consta no Anexo I do PPTP ou a contemplada no derradeiro inventario aprobado. Informan ao respecto a responsable do contrato, na data 22 de xaneiro de 2024 o seguinte:

“A potencia das instalacións de enerxía eólica e solar fotovoltaica existentes no derradeiro inventario aprobado é de:

Instalaciones	UD	Potencia total instalada ILUMINACIÓN	Potencia total instalada FORZA	
Túneles, pasos inferiores e galerías TOTAL	kW	744,12	969,80	1.713,92
T. Areal	kW	189,81	108,60	298,41
T. Beiramar	kW	147,76	310,20	457,96
T. Bouzas	kW	129,17	180,00	309,17
T. AP9	kW	132,18	223,40	355,58
T. Plaza España	kW	21,50	58,84	80,34
T. Plaza America	kW	38,48	0,00	38,48
T. Martinez Garrido	kW	20,40	44,12	64,52
T. Gregorio Espino	kW	23,21	0,00	23,21
T. Berbes	kW	7,40	23,00	30,40
T. Isaac Peral	kW	12,90	0,00	12,90
T. Tavesía de Vigo	kW	3,00	0,00	3,00
Recintos	kW	11,08	0,00	11,08
Galerías Navia	kW	7,24	21,64	28,88

A potencia instalada nas instalacións recibidas é de:

Instalaciones	UD	Potencia total instalada ALUMBRADO	Potencia total instalada FUERZA	
Túnel LEPANTO	kW	29,07	120,06	149,13

De todo o anterior conclúese que a nova potencia instalada supón o 8,7% da potencia instalada actualmente, superando o 2% marcado no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. Tendo en conta a necesidade de incluír o mantemento desta instalación considérase conveniente, pola técnica que subscribe, a modificación do “Contrato de servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo” co obxecto de incluír o mantemento das novas instalacións do túnel situado no eixo 13 executado na obra de referencia.

Tendo en conta a necesidade de incluír o mantemento desta instalación considérase conveniente, pola técnica que subscribe, a modificación do “Contrato de servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo” co obxecto de incluír o mantemento das novas instalacións do túnel situado no eixo 13 executado na obra de referencia.

A cláusula 15.E das FEC, ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN, indica o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

Para a modificación do contrato o adxudicatario, a petición do Concello de Vigo, deberá proceder a realizar un estudo de necesidades derivadas do obxecto da modificación, na cal deberá establecer o alcance das novas necesidades en relación os medios necesarios para a súa correcta aplicación, tendo en conta un criterio de proporcionalidade en función da estrutura ofertada, co obxecto de propoñer o incremento de medios, así como custe económico da modificación, o cal estará xustificado en base o importe da oferta para o ano en curso, así como aos cadro de prezos incluídos nos anexos do PPTP.

Revisado o estudo de necesidades presentado pola empresa adxudicataria, achegado a este expediente, derivado do obxecto da modificación se considera adecuado, valorándose a modificación da seguinte forma:

ORZAMENTO ANUAL DO SERVICIO DE MANTEMENTO DO TÚNEL OBXECTO DA MODIFICACIÓN DE CONTRATO		
PARTIDA	%	TOTAL ANUAL (€)
CUSTOS PERSOAL	44,61%	15.840,00
VEHICULOS, MAQUINARIA E FERRAMENTAS	24,72%	8.779,55
CONSUMIBLES MANTEMENTO	14,90%	5.289,56
VANDALISMOS E SINISTROS	15,77%	5.600,00
	100%	35.509,11
GASTOS XERAIS	3,00%	1.065,27
BENEFICIO INDUSTRIAL	1,00%	355,09
TOTAL ANUAL DO SERVICIO DE MANTEMENTO DO TÚNEL OBXECTO DA MODIFICACIÓN DE CONTRATO SEN IVE		36.929,47
IVE	21%	7.755,19
TOTAL ANUAL DO SERVICIO DE MANTEMENTO DO TÚNEL OBXECTO DA MODIFICACIÓN DE CONTRATO IVE ENGADIDO		44.684,66
IMPORTE MENSUAL DO SERVICIO DE MANTEMENTO DO TÚNEL OBXECTO DA MODIFICACIÓN DE CONTRATO SEN IVE		
		3.077,46
IVE	21%	646,27
IMPORTE MENSUAL DO SERVICIO DE MANTEMENTO DO TÚNEL OBXECTO DA MODIFICACIÓN DE CONTRATO IVE ENGADIDO		3.723,73
IMPORTE DO SERVICIO DE MANTEMENTO DO TÚNEL OBXECTO DA MODIFICACIÓN DE CONTRATO NA ANUALIDADE 2024 SEN IVE		
		30.576,05
IVE	21%	6.420,97
IMPORTE DO SERVICIO DE MANTEMENTO DO TÚNEL OBXECTO DA MODIFICACIÓN DE CONTRATO NA ANUALIDADE 2024 IVE ENGADIDO		36.997,02

O incremento que supón a devandita modificación será con cargo á aplicación orzamentaria 1650.227.99.03 "CONTRATO MANT. ILUMINACIÓN, TÚNEIS, GALERÍA, FONTES", a nivel de bolsa de vinculación, a cal conta con crédito adecuado e suficiente, distribuído nas seguintes anualidades:

- Ano 2024.-período comprendido entre o 03 de marzo de 2024 e 31 de decembro de 2024: 36.997,02 euros (IVE engadido).

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que obedece a incorporación dunha nova instalación, un túnel, e ilo supón un incremento da potencia existente en máis dun 2%, en concreto, un 8,5%.
- Supón un 0,56% do prezo do contrato de 36.997,02 euros, que equivale a un PORCENTAXE MODIFICACIÓN % do prezo do contrato, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do “20% do prezo do contrato (parte fixa mais parte variable)”, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.
- O prezo anual do servizo de mantemento do túnel obxecto da modificación é de 44.684,66 euros, que deberá terse en conta no caso de que se prorrogue o contrato.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites).

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque aínda que o prezo primitivo do contrato é superior a 6.000.000 euros (6.607.247,91 euros), se trata dunha modificación prevista no PCAP. Evacuado trámite de audiencia ao contratista, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta, en escrito de 22 de febreiro de 2024.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: o mantemento das infraestruturas co fin de acadar o funcionamento correcto



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

e eficaz das mesmas e adaptalas á regulamentación vixente, competencia municipal propia de carácter obrigatorio a teor do disposto no artigo 25.2.d e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.2.d e 81.a da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 36.997,02 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 1650.227.99.03 “CONTRATO MANT. ILUMINACIÓN, TÚNEIS, GALERÍA, FONTES”, coa seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
<i>ANO 2024 (do 3 de marzo ao 31 de decembro)</i>	36.997,02 euros

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

En cumprimento do previsto no artigo 335.2 da LCSP, ao tratarse dun contrato de servizos cuxo importe de adxudicación excede os 150.000,00 euros, comunicárase esta modificación ao Consello de Contas.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do orzamento base de licitación excluído o IVE”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 1.528,80 euros.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1642/1102

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Modificar o contrato de o contrato de servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo 52198-444 , nos termos sinalados neste informe.

*2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 36.997,02 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación **orxamentaria** 1650.227.99.03, coa seguinte distribución de anualidades:*

Ano	Importe IVE incluído
ANO 2024 (do 3 de marzo ao 31 de decembro)	36.997,02 euros

Esta modificación representa un 0,56 % do prezo do contrato.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización. O reaxuste supón un incremento da garantía de 1.528,80 euros.

4º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(123).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez